

## *A contorna*

A partir dos documentos estudiados resulta difícil facerse unha idea clara sobre a contorna inmediata ao castelo nos tempos medievais. Si parece, con todo, que a paisaxe estaba dominada polos bosques e montes nos que se abrían claros con campos de cultivo e casais. Durante a Idade Moderna é doadoo seguir a evolución: os antigos casares vanse fragmentando en distintas unidades de explotación, vanse rompendo os montes para poñelos en explotación e mesmo da a sensación de que a rede viaria se ramifica para conectar esos campos e aldeas que van xurdindo.

Na contorna más inmediata ao castelo están os lugares da Rocha e algunas fincas de Enfestela, nun arco máis amplio, na ruta de Padrón, o de Rial, o de Fornelos (hoxe Porto de Fornelos) e o vilar de Seidón (hoxe Milladoiro) e cara a Noia, Santomil e Coira. Do outro lado do río Torrente. Nestes lugares a maior parte da propiedade parece ser arcebispal, agás no caso de Torrente no que o protagonismo do mosteiro de Conxo é relevante e no Rial, que parece unha aldea proindiviso entre a mitra, o cabido e o mosteiro. Referencias soltas de tempos posteriores dan a entender, non obstante, que hai pequenas propiedades en mans de composteláns que logo foron doadas a dominios eclesiásticos.

Nos tempos da Modernidade este panorama se clarifica e no Catastro de Ensenada aparece nitidamente deseñado: os casares medievais son aldeas, a producción agraria é diversificada (hortas, campos de cereal, pastos no monte, prados, devesas, árbores froiteiras, orientación ao mercado urbano, etc). Outros textos axudan a completar o cadre.

En efecto, as abondosas escrituras que puideron localizarse procedentes dos séculos XVI ao XVIII permítennos ver como a maioría dos foros do século XVI son unha prolongación dos anteriores, tanto nas unidades cedidas para a súa explotación como no perfil das rendas que deles se perciben, que delatan a súa índole antiga na que se combinan dereitos da propiedade e de señorío. Tamén pode observarse como, ao compás das xeracións, as explotacións iniciais vanse fragmentando, como o territorio se fragmenta pola construcción de valados, como emerxen unha rede xerarquizada... Son aqueles cambios e procesos que nos levan á realidade existente a mediados do século XIX, cando os cambios

administrativos, as novas dinâmicas económicas e, sobre todo, as novas infraestruturas modificaron substancialmente o que viña de atrás.

Como xa se dixo, a mesa arcebispal é a principal dona de fincas nesta zona xa desde os tempos medievais, cun conxunto de propiedades que se compón dunha morea de casais (84 no século XIII) esparexidos tanto na contorna da Rocha como en todo o seu Xiro. Non está clara a súa procedencia por canto a primeira mención a eles é xenérica e nun contexto documental (o testamento do arcebispo D. Xoán Arias) do que non pode concluírse se os bens mencionados foron adquiridos nos anos previos á súa incorporación á mesa ou se simplemente estamos ante unha enumeración e inventario dos bens e dereitos da mesa nun momento dado. Dalgúns deles, non obstante, si podemos documentar a súa adquisición pola Igrexa nun arco cronolóxico aproximado que vai de 1150 a 1260.

En calquera caso, os lugares próximos ao castelo son citados de xeito recorrente na documentación da Mitra e foron administrados dentro da denominada Mordomía da Rocha.

### ***As aldeas***

Como xa se dixo a maioría dos lugares poboados que hoxe atopamos na contorna inmediata ao castelo teñen a súa orixe nos tempos medievais. Só a Poza Real de abaxo non está documentada mentres que a Poza de Arriba aparece tardíamente (s. XVIII) o que podería levarnos un desenvolvemento en tempos recentes a partir de núcleos principais antigos; no resto é posible seguir o fío das xeracións de veciños e veciñas e os grandes rasgos da transformación da paisaxe.

As noticias más antigas falan de aldeas compostas por casas de pedra con teito polo xeral de colmo, referidas como pallozas ou de teito colmado. Así é como aluden a elas os documentos más antigos ou aqueles nos que se dispón a súa construcción; haínas tamén de tella, aínda que parece que é un modelo de teitume máis tardío. Son a parte máis visible da unidade de explotación que dispón tamén de celeiros para as colleitas, cortes, currais e palleiras. Os materiais construtivos predominantes parecen ser a pedra, barro e a madeira. Non é estranxo que haxa pardiñeiro ou ruínas que se empregan para o gando ou cuxa

reconstrucción se encomenda. Parece que foron especialmente frecuentes na segunda metade do século XV, cando a violencia exercida desde o castelo e contra el provocaron unha destrución xeralizada e, cabe pensar, un certo despoboamento da zona.

A medida que pasa o tempo, os grandes agros fóreronse fragmentando e aparecen as herdades, os agriños etc. que delatan unha presión demográfica e parcelación crecente da paisaxe. Esas divisións dos lugares orixinais son as que provocan os apeos e deslindes de finais do século XVI e do XVII e os prorranteos (ou declaración dos labregos e fincas que levan) dos foros orixinais; tamén se pode albiscar un certo mercado da terra e como a partir da parcelación agroman fincas ou partes delas que son subarrendadas.

A partir do século XVI -nun proceso que se cadra comezou antes- intensificase a presenza de foreiros que á súa vez ceden a terra aos labregos que a traballan. É o fenómeno coñecido como de intermediación: mercadores, rendistas e, mesmo, labregos acomodados obteñen os contratos a longo prazo das explotacións dos grandes propietarios para logo darllas a labregos para que as traballen. O lugar onde mellor podemos seguir este fenómeno é precisamente no actual lugar da Rocha.

As aldeas contan con termos á redonda nos que se circunscriben as fincas; están demarcadas e apeadas ou sexa, separadas e claramente recoñecibles na paisaxe. Dentro delas e cada vez máis a medida que a propiedade se fragmenta e se intensifica a producción. A documentación non deixa ver con claridade a composición das colleitas por canto as rendas requiridas nos contratos acostuman a orientarse aos produtos máis seguros e rendibles (cereais) e desbotan outros rubros. É evidente que a agricultura é o sustento das familias labregas pero é necesario lembrar que a gandaría ten na zona compostelá e na Amaía unha das comarcas máis desenvolvidas a este respecto. Isto explicaría por exemplo, a intensa actividade que se desenvolve nalgúns momentos arredor do peche dos campos con valos sólidos e, más raramente referidos, por sebes.

Alí onde é factible, a forza da auga é aproveitada para moer; en efecto, os muíños aséntanse desde tempos antigos en zonas ben concretas: na ribeira do Sar debaixo do mosteiro de Conxo, no Sarela na chamada Ribeira de San Lourenzo e no río da Rocha -o tramo do Sar entre a Ponte de Arriba e a confluencia co Sarela-. Cada lugar ten os seus

muíños.

Entre aldea e aldea as grandes superficies boscosas: o “bosque” do mosteiro de Conxo e os montes das aldeas (soutos, carballeiras, devesas) nos que o manexo forestal é constante e supervisado polos propietarios a través dos contratos de cesións das fincas.

### ***Os ríos***

O espazo inmediato ao castelo está condicionado na topografía e usos pola presencia de dous ríos principais e outros tantos de menor relevancia.

As ribeiras do Sar e Sarela son as de maior relevancia e tamén as más complicadas de estudar por canto hai unha certa ambigüidade na toponimia empregada pola documentación e por autores antigos. A más común é denominar Sarela ao río que recolle os dous caudais; a más desconcertante o emprego da denominación “río do arcebispo” para denominar a un territorio indeterminado arredor da confluencia dambos ríos. Pola contra os apelativos xenéricos “Río de la Rocha” ou “Rio de Conjo” describen sempre ao Sar.

Nos dous casos, pero marcadamente no caso do Sarela na ribeira de San Lourenzo, estamos ante ribeiras de intensa ocupación e de temperán aproveitamento das augas. A actividade habitualmente documentada é a moenda do gran, fundamental para o abastecemento urbano e haberá que agardar ata o s. XVIII-XIX para albiscar instalacións doutro tipo (fábricas de papel, curtidoiros, serradoiros).

Case todas as institucións eclesiásticas da cidade (as verdadeiras propietarias inmobiliarias) dispoñen de cando menos un muíño nesta zona que fan funcionar cedéndoo cun foro ou arrendamento a un muíñeiro. Desde moi cedo pode documentarse a presenza de xentes acomodadas (mercadores?) tomindo os foros o que fai supoñer que ou ben buscaban garantir o suministro familiar ou ben -o que é mais posible- decidiron entrar neste negocio, que debía ser bastante lucrativo, como intermediarios. Afóranse íntegramente ou por partes, unha roda ou dúas; hérdanse do mesmo xeito; inclúen vivenda, fincas ao redor ou só o enxeño.

## ***As pontes***

As pontes son fitos sinalados na ribeira; as más relevantes nas beiras do Sar son as que unen a cidade con Padrón e Pontevedra e a que leva á vila de Noia. A súa localización exacta non pode reconstruírse polo de agora con certeza aínda que si a súa existencia simultánea o que sitúa á Rocha Forte entre os dous camiños, coa clara intención de vixialos e controlar o tráfico de persoas e mercadorías. As pontes de Arriba e de Abaixo marcan a ollos dos antigos un tramo concreto do río, o río da Rocha.

Xunto a estas grandes pontes, de fábrica sólida e mantemento más ou menos constante a cargo da veciñanza -ata o século XVIII no caso do camiño de Padrón e ata case o XX no de Noia- hai un número incerto de pasos que cruzan o Sar. O máis antigo deles é, seguramente, o que nas proximidades do lugar de Torrente conecta o camiño que ven do mosteiro de Conxo co lugar da Curuxreira.

A confluencia dos ríos Sar e Sarela é un territorio de complicada interpretación pola presenza de camiños, lindes parroquiais, pontes, ... Alí estaba a Ponte da Rocha de Abaixo cuxo emprazamento non é doado adiviñar pola dispersión das nosas fontes documentais e pola confusión que introducen tanto o arranxo recente de pontes e estradas como a toponimia.

O tramo do Sarela entre a Ponte do Arcebispó e o encontro co Sar en Vidán é un espazo ateigado de historia; tanta que para o seu coñecemento sería necesario abordar un estudo especializado. Aquí a ocupación da ribeira é antiga e se relaciona especialmente coa transformación dos grans para alimentar a cidade. A imaxe que proxectan os documentos é a dunha contorna na que o aproveitamento do recurso hidráulico é intensísimo, algo que concorda con algunas fotografías antigas que retratan o estreito río abarrotado de muíños e pasarelas para acceder a eles e as beiras.

## **Acontecementos históricos**

**1719, outono**

### **Invasión británica de Galicia**

Meijide Pardo, A. La invasión, p. 123.

No outono dese ano ten lugar a invasión de Galicia polos británicos; foron atacadas e ocupadas as cidades de Vigo e Pontevedra así como moitas vilas costeiras. A ocupación de Pontevedra levantou todas as alarmas por canto deixaba aberto o paso terrestre a Compostela.

Nese tempo houbo unha reforificación xeralizada da Galicia costeira, levas masivas de ciudadáns, etc.

En novembro dese ano:

Finalmente, y en previsión ahora de que la tropa de Cobham intentara efectuar un imprevisto desembarco en algún punto de la ría de Muros, hicieronse parapetos y trincheras en el lugar llamado Puente de la Rocha a media legua escasa de Compostela; fue considerado este sitio "*estrecho y preciso por donde pasa un riachuelo cortando el camino*", sin duda, como postre reducto defensivo de la urbe jacobea. Aquí por el capitán de Artillería, J. Mayora, y cierto número de milicianos, fueron apresuradamente construidas unas trincheras o "*lineas muy largas de forma que abrazasen todo el desfiladero que llaman los naturales del Puente de la Rocha; desde cuyas líneas pensó detenerse el enemigo y guardar la ciudad*". Pues aunque de la misma ya se había sacado lo preciso...

As partes entrecomiñadas pertencen a un manuscrito do s. XVII.

**1809**

### **Invasión francesa. Reconquista de Santiago**

Osuna Rey, *Los franceses en Galicia*, p. 310-313

Trala marcha de La Carrera desde Ourense o día sete de maio de 1809 hacia Vigo co fin de reorganizar a División do Miño, e estando en comunicación co xeneral Mahy, informoulle este que, trala marcha de Ney cara a Asturias, as guarnicións das cidades galegas


quedaran moi reducidas, propoñéndolle o ataque a Santiago mentres que Mahy o intentaba sobre Lugo.

Martín de La Carrera constituíu catro columnas: a vanguarda composta do 1º *Ligero de Voluntarios de Cataluña, Tiradores del Ejército* e todas as compañías de Cazadores dos demais Corpos; outra columna constituída polo *Regimiento de la Unión* e o Batallón do Morrazo; a terceira estaba formada polo Reximento de Lobera e os batallóns de *La Muerte* e Monforte; e a última ou de reserva completábase cos Zapadores, *Regimiento del General* e Batallón de Benavente.

Unha guerrilla francesa situada preto de Padrón foi tiroteada polas avanzadas españolas e viuse forzada a retirarse cara a Compostela. O ataque español iniciouse desde a parroquia de San Xoán de Calo; alí Pablo Morillo pasa a cota 212 das Galanas polo leste cara a Vilar de Calo.

Nunha carta do xeneral La Carrera ao comandante Mac Kinley: *Por dos veces tomaron posición y fueron desalojados...* A primeira posición debérona establecer no Milladoiro e a segunda á resguardo do Sar, loma de Santa Susana e Choupana. Con menores forzas que os atacantes, os franceses víanse desbordados no seu flanco esquierdo por Morillo que desde a aba oeste da cota 373 domina o camiño real.

Outros relatos recollen a acción, como os do Coronel Suazo, que a respecto da primeira acción das Galanas di: *hicimos alto en el Puente de la Rocha y el General previno al Coronel Morillo, que con sus tres batallones, al avanzar el resto de la fuerza, siguiese por el Convento de Conxo flanqueando a los franceses, avanzando o deteniéndose según los creyese oportuno....*



**1846**

### **Revolución liberal en Galicia. Batalla de Cacheiras**

- De *La insurrección de Galicia* publicado en *El Gallego*, nº 53, [25-4-1880](#)

Sobre a retirada dos liberais tras a batalla de Cacheiras: *Defendieron los liberales desde Cacheiras hasta Santiago sus posiciones, dejando trazada tras si roja línea de sangre generosa. Solís y Velasco, tras de los más heróicos hechos en los barrios del Orrio y Sar, Puente de la Rocha, Campo de Santa Susana, faltos de municiones, amagados por las tropas del general Villalonga...replegáronse ordenadamente hacia el convento de San Martín*

- De Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia (de J. Comberger):

*...de la Constitución y colocada la avanzada en el puente la Rocha, camino de Padrón , por donde habia de emprenderse la retirada... (p. 177)*

*...orden para que se retirase la avanzada del puente de la Rocha , y tomase el camino del puente Pedriña. Bien á su pesar se... (p. 179)*

*...defender, sin mas baluartes que sus cuerpos, el puente de la Rocha, sembrando el pavimento de cadáveres enemigos, y no abandonando... (p.191)*

### **Noticias documentais**

#### **Catastro de Ensenada**

**1753**

#### **Respostas xerais da Xurisdición do Xiro da Rocha**

4<sup>a</sup> .- para a parroquia de Aríns din que hai hortaliza de regadío e secano, sembradura de labradío regadío e secano, prado ou herbais de regadío e secano, pastos ou pico de regadío e de secano, algúns castiñeiros, devesas de carballos, toxeiras, xesteiras ou montes con toxo e sen el os que son calvos ou incultos.

En Santa María de Conxo hai tamén todo o expresado en Aríns, agás que os montes abertos son calvos e incultos e tamén hai sabugueiras... as sete freguesías producen todos os anos unha colleita de froitos agás nas devesas, toxeiras, xesteiras, castiñeiras,

sabugueiras, ameneiros, montes calvos onde cortar a leña das devesas de carballos de 8 en 8 anos, de once en once e de catorce en catorce; as xesteiras e toxearas pechadas de cinco en cinco, de sete en sete e de nove en nove e renovan o froito desta forma. As xesteiras ou *retamas* de primeira calidad rómpense cada cinco anos, despois de cortada a leña, sementase cebeira branca. As toxearas de segunda calidad córtanse cada sete anos e se sementa, e as de terceira córtanse cada nove e tamén se sementa. Nas toxearas é o mesmo pero se bota trigo. Isto non sucede en todas as freguesías (só en Aríns, Marrozos e O Eixo)(Imaxe ense359)

En Conxo tamén se sementan as xesteiras e toxearas de centeo, na forma que queda dita.

Os castiñeiroas córtanse cada 40 anos polo tronco e pe, pois son castiñeiroas bravas que non producen; os ameneiros, cada vinte anos e os sabugueiros, cada doce.

Na sembradura de regadío e secano non hai diferencias nas sete freguesías.

En Conxo (ao igual que en Laraño, Biduído e Villestro) o labradío de primeira produce en 4 anos 7 colleitas de cultivos que rotan: centeo, millo miúdo (o primeiro ano), noutro ano millo e outro froito; ao seguinte centeo de primeira e logo nabos; Nas de segunda trigo, centeo, millo e millo miúdo. Nas de terceira, tamén producen unha colleita ao ano.

6<sup>a</sup>, 7<sup>a</sup> e 8<sup>a</sup>.- Poucas árbores froiteiras, que están dispersas nas marxes das fincas e camiños. Hortalizas, pereiras, maceiras, castiñeiroas, carballos, cerdeiras. Son para autoconsumo. Hortalizas: berzas, coles galegas, cebolas, cabazas; cada labrego planta só as que necesita para o seu consumo. (imaxe ense362 e ense363)

11.- Nas sete parroquias, incluída Conxo, hai devesas de carballos. As de primeira calidad córtanse cada 8 anos, de segunda cada 11 e de terceira cada 14. Producen 6 carros de leña. Os sabugueiros, ameneiros que acostuman a estar nas terras más ínfimas como brañas e ribeiras; os sabugueiros córtanse cada 12 anos e producen 5 carros de leña; os ameneiros tálanse cada 20 e producen 5 carros de leña. O ferrado de castiñeiroas bravas: son poucos os que hai plantados en baldíos, soutos e camiños porque só pertencen ao dono o tronco e o sitio que ocupa; unha vez cortado, queda a beneficio do común; cada ferrado plantado desta especie que cada veciño ten en sitios espallados e interpolados uns cos outros,

regulan o ferrado de primeira, que se corta cada 40 anos, regula o tronco 20 rs, segunda calidade en 15 e terceira en 10.

Hai montes en común; montes abertos pero a maior parte é monte baixo e inculto e só se usa para pasto do gando, agás os carballos que algúns teñen xa plantados.

13.- As árbores froiteiras están plantadas interpoladamente coas hortalizas.

17.- Nas sete parroquias hai pombais e muíños fariñeiro de pedra negra para uso e consumo da veciñanza, agás a de Conxo, que é onde hai máis muíños e tamén se aproveitan deles os da cidade de Santiago, que van alí a moer. E por isto os distintos posuidores sitos en *el río de la Rocha que baja por Sar* e o de San Lourenzo. Os de Conxo son os que producen maiores beneficios.

21.- O número de veciños de Conxo é de 263

22.- O número de casas da parroquia de Conxo é de 49

29.- Na parroquia de Conxo hai 5 tabernas que están arrendadas. Os veciños da parroquia Antonio Martínez, Caetano García, o mosteiro de Conxo, Domingo de Lage e Francisco López de Quintela, veciños de Santiago, son os que as teñen arrendadas e pagan por elas de dereitos reais 2987 rs (Imaxe ense388).

A continuación relación de oficios e persoas con propiedades ou oficios por parroquias.

### **Santa María de Conxo**

A lista proporcionada Bernabé da Cenza, mordomo pedáneo desta parroquia, Pablo Míguez e Juan Carolo, peritos e veciños dela.

Emprego, industria e xornaleiros.

Xuíz e escribáns:

Nesta freguesía e nas que componen o Xiro da Rocha hai un xuíz ordinario con seis

escribáns de número, todos residen na cidade de Santiago. (Imaxe enseñanza 405- 406).

#### Mordomo pedáneo:

Bernabé dá Venza. Emprego anual e concellil por voto dos veciños. Sen soldo.

#### Tratantes en viño:

Cayetano Gacio polo tráfico e venda de viños na súa casa do Cruceiro de Conxo gaña ao ano 400 reais.

Domingo Lage, veciño de Santiago, ten arrendada a taberna de Poza Real, onde comercia con viño; ganancia a ano 550 rs.

Francisco López de Quintela, veciño de Santiago, polo trato de viño que ten na bodega do lugar de Santa Marta; 600 reais.

Antonio Martinez, veciño de Conxo, ten a sisa da taberna da Amañecida; non vende nin trata viño ao presente nela. É, tratante de viño, aínda que non vende alí. Se o fixese consideran unha ganancia de 200 reais ao ano.

O convento ten unha bodega de venda pública de viño. 700 reais.

#### Taberneiros:

Andrea García, taberneira na Poza Real regúlanselle ao ano de utilidade 366 reais.

Simón de Otero pola bodega de Santa Marta 366.

Andrés de Hortas taberneiro do convento de Conxo 366 reais.

#### Estanquilleiros de tabaco:

Benito Rodríguez, zapateiro, e Antonio Fernández, carpinteiro, ambos estanquilleiros polo miúdo, polo que venden ao ano 36 reais cada un.

#### Mestre de nenos:

Francisco de Otero. 140 reais.

#### Regatón de galiñas e polos:

Benito Buceta 730 reais.

#### Merceiro de tenda menor:

Pedro Mariño, tenda en Conxo, é xastre e muiñeiro. Gana ao ano 50 reais.

#### Cardador e cardadoras:

Rosendo García. Ocúpase deste oficio 6 meses ao ano, é labrador. Regúlaselle 300 reais.

María, Francisca e Josefa de Verea, irmás, cardadoras, cada unha ao ano 250 reais.

Engarzadores:

Jacinto Caamaño, Francisco Martínez, Ignacio de Enfesta o seu xenro, Luís Branco 50 reais cada un.

Cortidores:

Benito Viñeiro 440 reais.

Andrés Branco e Benito Rodríguez cada un 440.

Domingo Antonio Mariño 1000 reais.

Carreteiros:

Bernardo Pérez, Antonio Silvades, Pablo Míguez, Andrés Beiroa, Juan de Avenza, Fernando de Aldao, Santiago de Outeiro, Juan Fernández, xenro de Alonso Pérez, Jorge Tarrío, Benito Lorenzo, Bernardo Pérez, Juan Branco, Antonio Lorenzo de Nogueira, Martín Vidal, Tomás Neto, Ramón de Muñín, Ignacio Vidal, Juan Muñín, Juan de Seoane, Domingo de Montes, Bernardo da Venza, Gregorio Gondelle, Pedro Vidal, José Veciño, Manuel da o(ilexible)?, Pedro Quián, Carlos Fernández, Manuel da Igrexa, José Prieto, Felipe Tarrío e Simón de Otero, todos labradores, polos carretos que fan na contorna e saídas fóra, a cada un 100 reais.

Costureiras:

Manuela Louzao, María Neto (que vive co seu irmán Antonio Neto), María Rosa García (vive coa súa nai Andrea Gómez), Manuela Constela que vive coa súa nai viúva, Dominga de Constela, María do Sisto (vive con Antonio do Sisto, a súa nai viúva), todas costureiras a cada unha delas ao ano 300 reais (en total 1800 reais).

Panadeiras:

María Boquete, muller de Pedro Mariño, Dominga e Juliana Mariño as súas fillas; Juana Boquete, muller de Juan Mariño con dúas criadas; Rosa Fernández, sogra de Antonio Freiria; Jacoba Rei, muller de Benito Piñeiro; María Vázquez que vive con José Vázquez o seu pai, Josefa Rei, muller de Antonio Ventín; Eulalia Liméns, muller de Pedro Mareque; Francisca do Sisto, muller de Antonio Mareque; Antonio do Sisto a súa irmá, por tráfico e comercio de pan a cada unha regúlaselle de utilidade 200 reais.

Tecedoras:

Leocadia Bustelo, Margarita Lareu, Inocencia Gacio, Angela de Otero, María Fernández, María Ventín, polo tráfico e comercio de tecidos a cada unha 200 reais.

Juana Silvalde, muller de Mateo Nogueira 200 reais.

María e Francisca, irmás e fillas de Leocadia Bustelo gañan cada unha os mesmo.

María Antonia Amigo, muller de Francisco Sánchez, 200 reais.

Juana Sánchez, filla de Francisco Sánchez, con quen vive 200 reais.

Susana de Ponche, filla de Margarita de Ponche, 200 reais.

María de Otero, muller de Miguel Camaño, 200 reais.

Josefa Rodríguez que vive co seu pai Antonio Rodríguez, 200 reais.

Susana Gacio, muller de Juan de Nogueira o mozo, e Josefa a súa filla, 400 reais.

María González, filla de Ignacio Gacio, 200 reais.

María Antonia Gacio, 200 reais.

Manuela de Rivas, muller de Juan de Boado o mozo, 200 reais.

Rosa Mariño, muller de Francisco Casal, 200 reais.

Maria Lareu, muller de Ramón Álvarez, 200 reais.

Catalina da Torre que vive con Juan de Fondo 200 reais.

Cecilia de Otero, muller de Baltasar de Rivas, 200 reais.

Manuela de Rivas, muller de Benito González, 200 reais.

Josefa Pais que vive con Dominga de Castro, 200 reais.

Bernarda da Igrexa, muller de Pedro Ventín, 200 reais.

Ana de Boado, muller de Sebastián Teo, 200 reais.

Micaela Camiño, muller de Marcos Nogueira 200 reais.

María Nogueira, filla de Marcos, con quen vive, 200 reais.

Ana Branco, muller de Cayetano Gacio, 200 reais.

Clara Paz, muller de Francisco Martínez, 200 reais.

Angela de Rubianes e Rafaela, a súa irmá, fillas de Pedro de Rubianes, 200 reais cada unha.

Francisca Pedrido que vive con Rosa Mariño, a súa nai, 200 reais.

Maria Gacio, filla de Cayetano Gacio, 200 reais.

Francisca Gacio, muller de Juan de Boado o vello, 200 reais.

Margarita Reboredo, muller de Domingo Míquez, 200 reais.

Ana de Otero, neta de José de Otero, 200 reais.

Isabel de Rivas, muller de Francisco Rei, 200 reais.

María Mareque, muller de Juan de Otero, 200 reais.

Francisca de Leis, muller de Esteban Vaamonde, 200 reais.

Clauda Josefa Vaamonde, muller de Benito Saavedra, 200 reais.

Catalina Vaamonde, que vive con Esteban Vaamonde, o seu irmán, 200 reais.

Francisca de Otero filla de Francisco, 200 reais.

Josefa de Otero, muller de Simón Vidal, 200 reais.

Maria Rodríguez que vive con Salvador Cobas e Silvestre Liméns, muller deste, 200 reais.

Tecedores a xornal:

Antonio da Igrexa e Ventura da Igrexa o seu fillo, Baltasar de Rivas, Benito González o seu xenro, Juan Antonio Rubianes, Juan de Fondo, Basilio Martínez, Salvador de Covas, Antonio Rodríguez, Esteban Vaamonde, Benito Saavedra, o seu xenro, Francisco Martínez, Juan de Rosendo, Antonio Ventín, Bartolomé Nieves, José de Otero, outro José de Otero que vive en compañía de Pascual, o seu pai, Antonio González que vive con Antonio González o seu pai, Domingo Rubianes que vive con Juan, o seu pai, Francisco Rei, Juan Boado. Regúlanllas de xornal a cada un deles o dia que traballa real e medio.

Organeiro:

Juan de Fontán por cada día que traballa neste oficia 5 reais.

Carpinteiros:

Mateo Nogueira, Antonio Pereiro, Francisco Reino, Francisco Casal, Cayetano Gacio, Juan de Boado, Antonio Boado o mozo o seu fillo, Antonio Mareque, Juan Nogueira o vello, Francisco Martínez, Juan Mariño, Juan Antonio de Noia, Domingo González, Juan González, Sebastian Teo, Apolonario Calo, Manuel Mareque, Antonio Fernández, Juan de Boado o Vello, Juan Pais, carpinteiros todo o ano por día que traballan regúllalles de xornal 3 reais de vellón secos e outra tanta cantidade a Marcos Nogueira.

Juan Nogueira, fillo de Marcos, con quen vive, Miguel Nogueira, Francisco Seans, Juan Nogueira, son carpinteiros catro meses ao ano, cada día que traballan de xornal 3

reais e os oito meses restantes so labradores e regúlanllas dous reais secos.

#### Aprendices de carpinteiros:

Francisco Vázquez e Juan Pais, cada día que traballan un real e 20 maravedís secos.

#### Canteiros:

Pascual de Otero, Antonio Ventín, Esteban Rodríguez, Domingo Míquez, Bartolomé de Vilameá, Ramón Álvarez, Manuel Pedrido que vive con Clara Calvo a súa sogra, Antonio Tarrío en compañía de Rosa Mariño, canteiros de oficio que o usan todo o ano regúlanllas de xornal ao dia que traballan tres reais de vellón secos.

Juan Antonio Cepeda, xenro de Santiago Otero con quen vive, Alberto Cepeda, Domingo Nogueira, Antonio Mareque, Afasto Álvarez, Gregorio de Aranda, Andrés Capeáns, canteiros e labradores que usan o oficio de canteiro a metade do ano 3 reais secos e como labradores dous reais.

#### Ferreiros:

Pedro Rodríguez, Juan de Ponche, Gregorio de la Torre, Afasto Brandariz, Rodrigo Méndez, ferreiros todo o ano cada un polo xornal ao dia tres reais de vellón secos.

#### Xastres:

Miguel Camiño, Juan de Otero, Francisco Sánchez, Gabriel da Igrexa, Andrés de Campos, Juan Antonio Brenlla, xastres todo o ano de xornal ao día que traballan 3 reais secos.

Pedro Mariño é xastre seis meses ao ano, Manuel Mariño, o seu fillo, todo o ano, Juan Tarrío, Domingo Vidal, fillo de Ignacio, Antonio Cao, fillo de Domingo, estes tres fanno cada un catro meses e o tempo restante son labradores, dous reais ao dia como labradores e como xastres tres reais secos.

#### Zapateiros:

Juan Rodríguez, Jacinto Gómez, Pedro Rubianes, Francisco Pereiro, Andrés Branco, Benito Rodríguez, Domingo Antonio Mariño ademais é curtidor, Domingo Antonio de Abenza, Matias de Mir, Pedro Ventín que vive con Sebastian Rei, son zapateiros todo o ano, menos Mariño que se ocupa do curtido tres meses e Andrés Lorenzo só traballa catro meses, os restantes é labrador. Por cada dia que traballan en devandito oficio dous reais.

Benito Piñeiro e Manuel Rodríguez cada un co o seu aprendiz que son Ramón Gacio e

Isidro Pereiro regúllalles coa axuda deles xornal a cada un dos mestres tres reais ao dia.

#### Xornaleiros:

Lorenzo Piñeiro, Martín da Igrexa, Manuel Silvalde, Fernando de Antelo que asiches con Isabel Experante a súa nai, Manuel, Juan e Salvador Vázquez, irmáns, fillos de José, Gregorio Branco, xornaleiros todo o ano.

José Raíces, José Nogueira, Antonio Neto, Juan Pardiñas, xornaleiros seis meses ao ano e o resto labradores, xornal a cada un un real e 26 marabedís e medio. Como labradores 2 reais.

Ao labradores maiores de 18 anos regúlanllles ao dia de xornal 2 reais en seco.

(Imaxe ense 407-408-409-410-411-412-413-414-415-416-417-418-419-420).

#### Muiños:

Muíño dos Chouchiños, de Manuel de Aranda, dúas pedras negras; moe todo o ano. Utilidade libre 300 reais.

Francisco de Aranda. Outro muíño de pedra negreira. 260 reais.

Clara Calvo da Igrexa, outro muíño nos Chouchiños, dunha pedra negreira que moe todo o ano con auga de presa. Utilidade de 365 reais.

Gabriel Guerra, nesa ribeira outro de dúas pedras negreiras que moen ambas 8 meses ao ano. Un só en todo o ano ou o outro suspenso por falta de auga. Utilidade de ambos 730 reais.

Gabriel Guerra. Outro muíño nesa ribeira nomeado dos Chouchiños que moe todo o ano cunha pedra negreira. 365.

Antonio Tarrío. Outro muíño cunha pedra negreira que moe todo o ano. 365.

Gregorio de Aranda, un muíño con dúas pedras negreiras nese mesmo río chamado de Aranda. Moe con auga de presa 6 meses ao ano. 730 reais.

Simón Pérez, tamén alí, unha pedra negreira que moe todo o ano. 365 reais.

*Francisco Seans uno en dicha rivera y Puente Vieja de una piedra negreira que regula en 365 reais.*

*Andrés de Abelendo, uno nombrado Puente Vieja dunha pedra negreira, moe todo o ano. 365 reais.*

*Antonio de Abelendo, otro en dicho río y sitio de Puente Vieja, moe todo o ano e é*

dunha roda.

Juan de Nogueira, un de dúas rodas negreiras chamado de *Rocha de Abajo*; moe oito meses ao ano. 730 reais.

D. Manuel Torrente e consortes, no devandito rio ten un muíño chamado de Torrente dunha pedra negreira; moe todo o ano. 175 reais.

Tome Pérez, en el rio nombrado da Braña: 1 pedra negreira moe todo o ano. 175 reais

Pedro Mariño, un nomeado da Fervenza, con dúas rodas negreiras que moen 8 meses ao ano e unha todo o ano. 730 reais.

Juan Mariño, no mesmo rio outro de dúas rodas. 730 reais.

Andrés Lorenzo, outro de dúas rodas. 730 reais.

Antonio Mariño, outro igual.

Antonio de Nogueira, en devandito rio dunha pedra negreira que moe todo o ano. 365 reais.

Domingo Nogueira, un igual. 730 reais.

Simón do Río, dúas rodas que moe en devandito rio (dá Braña) en Ponte Pereda.

Domingo de Nogueira de Ponte Pereda, un de dúas rodas, de cubo en Ponte Pereda.

O convento de Conxo ten un muíño en Ponte Pereda, para consumo da comunidade.

Miguel Nogueira, un muíño en el riachuelo de Portozelo del lugar de Curugeyra que moe con augas de cubo todo o anos. 365 reais.

Juan Carolo e consortes tamén nese rio un dunha pedra negreira. Moe con auga de cubo todo o ano. 165 reais.

Bernardo Guldriz e consortes ten un muíño dunha roda que moe con auga de cubo seis meses en devandito rego e lugar do Rial. 120 reais.

(Imaxe ense 420-421-423-424).

Pombal:

Un pombal de Domingo Nogueira no lugar de Rial que terá once pares de pombas. Regúlanlle utilidade de cría de pichóns ao ano 120 reais.

(Imaxe ense 424)

## *A parroquia de Conxo*

O lugar e o castelo da Rocha pertencen a esta freguesía, conformando esta demarcación o espazo básico de relación. Esta freguesía foi creada polo arcebispo Diego Xelmírez, ao tempo que a de Sar. Ambas parroquias están segregadas do Xiro da Cidade, o que supón, na práctica un intento evidente de restar poder á cidade. Conxo quedou tamén fora da xurisdición urbana e adscrita directamente ao arcebispo e, así, os seus veciños son vasalos dos prelados; e será incorporada ao distrito ou *commisso* do terceiro Xiro, aquel que acabará chamándose Xiro da Rocha.

Desde a súa fundación foi servida polo mosteiro de Santa María de Conxo, que levaba íntegramente as súas rendas; cando o habitaban as monxas bieitas, elas nomeaban ao párroco. Máis tarde, encargáronse disto os Mercedarios, que a serviron ata a Desamortización.

A documentación parroquial que se conserva no Arquivo Diocesano é relativamente escasa e atinxé sobre todo a séculos recentes; non obstante, a través doutros repositorios documentais é posible facerse unha idea do funcionamento da freguesía. É factible ver como, cando menos nos séculos da Modernidade, a igrexa monástica funcionaba como calquera outra parroquial: alí tiñan lugar os oficios relixiosos, o enterramento dos defuntos, as funcións e actos das confrarías parroquiais... hai unha especie de consello parroquial no que tanto o Comendador (abade) como a veciñanza toman convuntamente decisións relacionadas co templo e o servizo da freguesía.

## *O mosteiro de Conxo*

Segundo conta a *Historia Compostelana* o mosteiro foi fundado a iniciativa de Diego Xelmírez porque entón non había nin en todo o seu bispado nin incluso en toda Galicia mosteiro nengún onde viviran as santas e relixiosas monxas. Era unha comunidade feminina, de monxas bieitas. A *Historia* di que o mosteiro e a igrexa que lle serviu foi construído sobre outra anterior, que estaba antiga e arruinada.

As monxas terían entrado en 1129 e alí estiveron ata as últimas décadas do século XV, cando a última abadesa renunciou ao mosteiro. A vida desta casa monástica está moi escasamente documentada, por ser entidade pequena e sen continuidade nos tempos da

Modernidade. Os documentos conservados falan dunha comunidade exígua, presidida por unha abadesa e cun dominio territorial modesto, centrado sobre todo nos arrendores do convento.

En 1482 o mosteiro foi refundado; o protagonista deste feito é fr. Diego de Saldaña -home teimudo e piadoso- que apoiado polo arcebispo Afonso de Fonseca promoveu a instalación en Santiago da Orde da Mercé.

Segundo parece, a comunidade orixinal de mercedarios estaba constituída por monxes traídos de Castela por Diego de Saldaña, das casas mercedarias de Valladolid e Avila. Nunca chegou a ser unha comunidade voluminosa, cando menos ata o s. XVIII; estaba encabezada polo Comendador e o seu vigairo. Os monxes dedicábanse principalmente á petición de esmola -algo ao que se comprometían nos seus votos monásticos- *ha de pedir dinero o en la Iglesia o por las casas den limosna por amor de Nuestra Señora de la Merced para redimir cautivos, ira a pedir una o dos veces por las eras o por las casas;* recollen esmolas en moeda ou especie (que logo deben vender).

A comunidade mantívose alí ata a Desamortización, cando comenzaron a barallarse outros proxectos para o complexo monástico. Este cambio de uso é de orixe antiga por canto xa en 1821 falábase da instalación alí dun *hospital para dementes*. En 1863 cedeuse a maior parte do edificio para este fin, aínda que tardaría décadas en construirse. (hai un

interesante artigo sobre el na Gaceta de Galicia 22-4-1892). Antes disto pensouse en usalo para Hospicio e mesmo barallouse o seu derrubo.

O 1 de xuño de 1885 inaugurouse o manicomio no complexo do antigo mosteiro.



## **Notas documentais**

### ***Fundación do mosteiro***

**s. XII**

#### **Fundación por Diego Xelmírez**

*Historia Compostelana*, Libro I, cap. 21

*¡con qué pura y fervorosa intención no fundaría la iglesia de la santa y purísima virgen María de Conxo, no muy distante de la ciudad, con las casas que la rodean!... Estimulado pues, por el amor divino, deseando con toda la fuerza de su espíritu edificar aquel lugar, hizo plantar a la redonda en lugares convenientes, no solo pomar y cerezal, de que ni una rama había, sino también todo género de árboles frutales de los que se hallan en estas tierras; y en el mismo río, que corre por cerca de la iglesia, como frecuentemente lo hemos oído, mandó hacer viveros de peces, para que, cuando no pudieran proveerse de pescado las monjas que habitasen en dicho lugar, se socorriesen con ellos.*

*Historia Compostelana*, Libro I, cap. 21

Outra versión dos mesmos feitos: como bo pastor que era, Xelmirez, ocupose con empeño... en buscar por todo el señorío de Santiago aún por Galicia, un lugar apto y conveniente para convento de monjas, lo cual procuraba porque ni en su obispado ni siquiera en Galicia.... y no pudiendo hallar en otra parte fuera de Conxo lugar mejor ni tal que le agradase, destruyó del todo la iglesia de Santa María... as monxas entraron en setembro de 1129

*Historia Compostelana*, Libro III, cap. 10

### ***A freguesía***

**S. XII**

Sobre o nacemento da parroquia de Conxo en López Alsina, *Parroquias y diócesis*, p. 307-312.

A parroquia de Conxo nace en tempo do arcebispo Xelmírez, a partir dun territorio inicialmente adscrito ás parroquias da cidade. Foi incorporado polo arcebispo ao mosteiro, como apoio ao desenvolvemento da casa monástica. Foi erixida a freguesía case a un tempo que Sar e en conxunto, ambas parroquias abranguen o 30% do espazo eclesiástico da cidade (Xiro da Cidade) e nacen cunha configuración diferente ao resto das parroquias,

que son de ámbito urbano e rural (de dentro e de fora).

Ambas parroquias están segregadas do Xiro da Cidade, o que supón, na práctica un intento evidente de restar poder á cidade. Conxo quedou tamén fora da xurisdición urbana e adscrita directamente ao arcebispo e, así, os seus veciños son vasallos dos prelados; e será incorporada ao distrito ou *commisso* do terceiro Xiro, aquel que acabará chamándose Xiro da Rocha.

## Pp. S. XVII

*Esta Iglesia de Sancta Maria de Conxo es monasterio de religiosos de Nuestra Señora de la Merced y juntamente es parrochia. Tiene sesenta feligreses. Son basallos de arçobispo.*

Hoyo, J.: *Memorias...* p. 92

## S. XVI-XVIII

A veciñanza da parroquia de Conxo servíase da igrexa monástica talmente como se fora parroquial: sepultura, fundación de aniversarios e misas, confrarías, etc.

BNE, Ms 4328

### **1757-1-1, junto al convento de Nuestra Señora de la Merced**

Concorren o comendador e frades de Conxo, da unha parte, e unha representación dos veciños doutra, e acordaron buscar un mullidor e sepultureiro que poña as sepulturas iguais.

AHUS, Clero, Conxo, 441, fol. 40

Cítase a un veciño por cada lugar habitado, Rocha (Rosendo Calvo), Torrente, muiños de Fervenza, Conxo, Cruxearas, Porto Fornelos, Casal, Rial, Cornes, Barro, Nogueira, Chouchiños (Pedro Mareque), Ribeira (Antonio de Abelenda); son o consello parroquial.

## ***Refundación do mosteiro***

Resumo do contido en BNE, Manuscritos 4328 (*Documentos referentes a diversos conventos de la Orden de la Merced*)

A fundación toma pé dunha bula de Sixto IV que en 1482 concede o antigo mosteiro ao

bacharel Diego de Saldaña; tomou posesión del o 17 de maio de 1487.

Segundo no escrito de execución da carta apostólica e na posesión dada ao fundador, a última abadesa Dona María Alvarez, renunciara ao mosteiro *por el malvivir de dicha abadía y monjas y por el enajenacionamiento e lapidación de los bienes y posesiones*. Temos que interpretar o abandono do mosteiro beito como un esmorecemento, algo relativamente común en moitas pequenas casas monásticas dese tempo.

O relato que circulou dentro da orde mercedaria (recollido neste manuscrito nos fols 97-99), Fr. Diego viviu nos primeiros tempos case como un ermitán, servindo os servizos e horas como se alí houbese unha comunidade monástica.

O arcebispo Fonseca promoveu a fundación e preservou a súa condición parroquial.

Da documentación do século XVIII citada neste libro, dedúcese que os mercedarios herdaron os bens das monxas, que eran ben poucos: varias aldeas, foros, casas e muíños que non se especifican e que sumaban 1200 ferrados, maiormente de centeo, varios beneficios sen cura, o couto de Brandóns e a renda íntegra da parroquia de Conxo (décimos, primicias, etc.)

### ***Conxo- datos estatísticos***

**1829**

#### **Relación de veciños**

Expediente sobre arranxo de camiños aos que deben concorrer, co seu traballo e medios, a veciñanza do Xiro da Rocha e da cidade. AHUS, AM, 910, peza 1 (sen foliar)

Inclúe unha relación de veciños da parroquia de Conxo que teñen que colaborar, todos teñen carro.

Torrente	12 homes
Rial	5
Porto	7
Rocha	8
Ponte vella	4
Vidán	8
Chouchiños	8

*Conxo no Diccionario de P. Madoz*

CONJO (STA. MARIA DE): felig. en la prov. de La Coruña (10 leg.), dioc. y part. jud. de Santiago (1/2) y ayunt. de su nombre, del que es cap.: sit. en la confluencia de los r. Sar y Satela, en un fértil llano circundado de montes; CLIMA templado y medianamente sano: comprende los barrios de Calle de Conjo, Camino-nuevo, Casal, Castilñeiro, Combarro, Conjo, Cornes, Crogeira, Ferbenza, Outeiro, Paidacana, Perio, Puente-pereda, Puente viejo, Rial, Rocha, San José, Torrente y Vilan que reúnen 300 casas de algunas comodidades, pero sin otro edificio notable que el del extinguido conv. de Mercenarios Calzados: hay 3 abundantes fuentes de buenas aguas y 2 escuelas cuyos maestros disfrutan la dotación de 1,100 rs. y dan enseñanza á unos 106 niños y 10 niñas. La igl. parr. (Ntra. Sra. de la Merced) es matriz: el cementerio es capaz y ventilado, el cual se encuentra al S., y en el barrio de San José está la ermita de este nombre. El término confina por N. con el de Santiago; al E. San Simón de Cacheiras; por S. con el mismo Santiago, y al O. con San Martín de Larano, distando de uno y otro punto 1/2 leg.: le bañan los indicados r. que unidos en el centro de la felig., corren las aguas á Cesures y son cruzadas por los puentes Pedriña, Rocha, Borchavieja y Puenteviejo. El TERRENO es de excelente calidad: tiene una deb. de pinar dedicada á la real armada, y el monte llamado de Conjo se encuentra cubierto de robles, castaños, pinos, ameneiros y olmos. Los caminos que se dirigen á Poulevedra, Vigo y baños de Cuntis, así como los vecinales están bien cuidados: el correo se recibe en Santiago. PROD.: maíz, trigo, centeno, legumbres, patatas, lino, castaña, hortaliza y alguna fruta; cría ganado vacuno, mular y caballar; se cazan perdices, codornices y otras aves, y se pescan truchas. IND.: la agrícola, 20 molinos harineros, varias telares, una fab. de curtidos y 6 tiendas de abacería. POBL.: 480 vec., 2,400 alm. CONTR: con las demás felig. que constituyen su ayunt. (V.)

## *Os camiños*

A rede viaria articula o territorio e o xerarquiza. No caso dunha infraestrutura polivalente como é un castelo pode axudar a comprendela. A reconstrucción do tecido viario na contorna da Rocha Forte resulta de especial interese por canto a súa transformación nos últimos dous séculos afecta non só a posible centralidade co castelo respecto á súa contorna senón tamén á percepción que temos hoxe do emprazamento e a paisaxe.

As vías principais que citadas na documentación medieval son os camiños que saen de Santiago cara a Padrón e Noia aos que se suman outras rutas de menor entidade que serían a que desde o mosteiro de Conxo ía ao lugar da Curuxeira, a que remonta o río Sar cara ao interior de Galicia e o camiño que pola ribeira do Sarela chegaba á cidade a través do barrio das Hortas.

Diversos autores do século XIX especulan con que este último sería o preferido polos arcebispos para achegarse ao seu castelo da Rocha, aínda que non hai datos que avalen esta hipótese. E, de feito, todo apunta a que nesta zona houbo cambios na xerarquía e pode que mesmo no trazado das vías que hoxe non poden discernirse con claridade.


Os camiños de Noia e Padrón, segundo os documentos, saían xuntos da cidade e se bifurcaban nas proximidades do lugar de Santa Marta. O de Noia baixaría polo lugar dos Chouchiños ata a ribeira do Sar, mentres que o de Padrón cruzaría o río augas arriba, xusto onde o termo da aldea de Rial ocupaba a beira do río. Entre eles estaba situado co castelo.

### *O camiño de Padrón*

A actual N-550 é o trazado moderno dunha das vías más antigas de Galicia e das que soportou un maior tráfico ao longo da nosa historia. Nas proximidades de Santiago ten un fito sinalado -o paso sobre o Sar- que condicionou o seu trazado.

Non se atoparon noticias anteriores á gran remodelación do século XVIII sobre arranxos nesta ruta máis alá de intervencións que atenderon ao seu mal estado (reparación de pontes, reposición do pavimento, etc.) polo que de momento debe entenderse que non se

acometeron proxectos que afectasen ao detalle do trazado. Xa que logo, a trama camiñera sería a reflectida nos planos de Glaber e Amphoux (1778), que amosan o vello e o novo rumbo do camiño a Padrón.



A idea que proxectan os planos do século XVIII apoian os datos achegados pola documentación que, agrupados xeográficamente son:

- Sae da cidade pola Porta Faxeira e pasa pola casa de leprosos de Santa Marta, segundo cita o testamento de D. Xoán Arias.
- Na contorna de Santa Marta, como repetidamente insisten todos os datos achados, desprendese o camiño que leva á vila de Noia. Aquí está tamén o lindeiro entre as parroquias de Conxo e Santa Susana e o agro de Entre Camiños, que inicialmente pertencia ao termo dos Chouchiños e logo se individualizou na Choupana.
- Na contorna do actual lugar da Choupana estaba o agro do Milladoiro, pechado e valado desde o século XVI; o camiño baixaba seguindo ese valo. Aquí e, seguramente en boa parte do percorrido, o camiño ten un ancho equivalente a tres carros postos en paralelo.
- Neste tramo hai dous ramais, pechados con cancelas, que levan á aldea de Torrente.
- Chegado ao río Sar, cruzase por unha ponte, que é distinta á do camiño de Noia. Entre ponte e ponte está unha finca ribeiriña do antigo lugar de Enfestela.
- Pasada a Ponte, están as fincas que pertencen ao lugar de Rial e son citadas nos apeos do seu termo con linderos que topan co camiño; hoxe ainda podemos localizar algunas na microtoponimia (agro da Ponte, agro de Refoxo, agro de San Bieito, agro de Requeixo, agro da Callada).

- O camiño vello era o lindeiro entre os lugares da Rocha e Rial, tal e como determinan os apeos do século XVI e deixa traslucir a toponimia antiga que ainda subsiste.
- Sube ata o lugar de Seidón-Milladoiro, pasando polos termos da Rocha -que se delimita con el- e Porto de Fornelos. Cabe deducir do uso da palabra *calçada* que cando menos nalgún tramo nesta contorna estaría pavimentado -posiblemente para evitar dificultades no inverno-

Os planos do século XVIII amosan, como xa se dixo, un trazado que coincide co que tiramos da documentación; hai que pensar, xa que logo, que reflicte o camiño vello. A obra, como se deduce deles, trouxo consigo un trazado más rectilíneo e unha nova ponte sobre o río Sar, moi preto da antiga pero en liñas xerais non houbo unha modificación significativa.

É evidente que en tempos posteriores o percorrido foi modificado. No século XIX houbo unha renovación xeral da estrada ao abeiro do plan nacional de estradas aprobado en 1860 e unha obra -de alcance descoñecido- para facilitar o cruzamento do ferrocarril; como resultado delas, estableceuse un novo trazado arredor do lugar hoxe chamado Ponte da Rocha.

Cambios houbo tamén no século XX, sendo o máis relevante e radical tanto polo impacto no trazado como pola transformación que trouxo na percepción da zona, a construción do chamado viaduto da Rocha, inaugurado en 1962 e ampliado en tempos recentes ao abeiro da construcción da SC-20 (que levou consigo a traza que puidera quedar da rede viaria anterior).

[É posible que a imaxe AG 178134 \(Floresta do manicomio de Conxo\) da colección do Museo de Pontevedra reflecta o antigo paso do Sar coas dúas pontes en paralelo.](#)

O arranxo deste camiño foi incumbencia da veciñanza ata a reforma do século XVIII, cando foi incorporado á rede de camiños reais e, xa que logo, o seu mantemento quedou organizado e a cargo da Intendencia de Galicia. Ata entón, o arranxaban as veciñanzas de Conxo, Calo e Biduído ao longo dos distintos tramos que desde antigo se estableceran.

## *O camiño de Noia*

O castelo proxectábase sobre o camiño de Noia a maior distancia áinda que coa mesma capacidade. O itinerario exacto deste camiño na contorna inmediata ao río Sar é difícil de reconstruír; tamén é complicado discernir a posible existencia de varias vías de saída da cidade ata chegar ao río, áinda que todo apunta a que sí as había. Precisamente esa imprecisión das rutas alternativas polo Sarela fai pensar que son viarios secundarios.

Os datos atopados son:

- No lugar de Santa Marta, onde se separan as freguesías de Santa Susana e Conxo, nace o camiño a Noia, sae á dereita do que vai Padrón desde a Porta Faxeira.
- Podería haber un pequeno atallo ou enlace secundario -reflectido na cartografía do s. XVIII- un pouquiño máis adiante, de xeito que o agro de Entrecamiños que alí está queda pechado polos sendeiros.
- Dando a volta ao monte do Castriño de Conxo baixaría, tendo a dereita o termo do lugar dos Chouchiños que está valado.
- Baixa pasando pola agra do Carballo e Foxo Carbón, onde empalmarían os que veñen de San Lourenzo e a Ponte dos Santos.
- Cruza o río Sar no estremo da finca chamada Foxo Carbón, onde tamén remata o termo do lugar de Enfestela.
- Cruzaba o río Sar -cando menos desde o século XIII- nunha ponte que daba á freguesía de Laraño. A documentación da Idade Moderna relaciona esta vía coa chamada Ponte de Abaixo da cal é difícil establecer a súa ubicación concreta; parece claro, non obstante, que se situaba nas proximidades da confluencia dos ríos Sar e Sarela.
- Seguía a ruta polos termos de Santomil, Coira e Casal cara a Biduído. Posiblemente cruzaba novamente o río Sar en Bertamiráns.

Sobre este trazado fíxose unha remodelación relevante a mediados do século XIX. En efecto, a partir de 1855 abriuse un novo tramo -máis directo- a partir do lugar das

Barreiras. Ven a coincidir a grandes rasgos coa actual Avda. Mestre Mateo, aínda que tiña daquela un percorrido algo máis sinuoso. Décadas despois tería lugar un replanteamento integral de toda a estrada Santiago-Noia, establecendose un itinerario más próximo ao actual, xa pola beira Norte do río Sar. Esta vía é principal, quedando durante bastante tempo os ramais que viñan de San Lourenzo nunha posición secundaria.

### ***Outros camiños***

Os datos localizados permitiron identificar varios camiños más, que parecen secundarios en relación aos de Noia e Padrón; se cadra é por esta menor relevancia que é más difícil velos con claridade. Non cabe dúbida, non obstante, de que ao non estar o foco da investigación centrado na ribeira alta de Conxo, quedaron fora da investigación fontes documentais que poderían ter arroxado más luz así que, de ser necesario, convirá fazer unha nova busca documental.

Na ribeira do Sarela, o problema é ben diferente: hai un conxunto documental relevante pero del se derivan poucas conclusións claras. Isto é debido, fundamentalmente a que os datos poucas veces son sincrónicos e a que hai unha certa indecisión (ou ambivalencia) na toponimia que empregan as fontes. Tamén parece que é un treito en constante evolución e transformación -posiblemente polo crecente aproveitamento do recurso hidráulico-, de xeito que a sensación final é que hai varios camiños que ata o século XIX son en realidade sendas que tanto van aos muíños, as aldeas ou ao empalme coa estrada de Noia, sen que pareza existir un itinerario consolidado senón un rumbo que se sigue a partir do Camiño de Fisterra.

Ata o camiño de Noia polo Sarela:

- A documentación non resulta moi precisa pero está claro que hai un camiño que, cruzando pola ponte do Arcebispo, toma a ribeira de San Lourenzo ata a contorna de Vidán. A partir deste roteiro xeral hai dous referentes claros: a Ponte dos Santos ou de San Domingos sobre o Sarela e a Ponte dos Chouchiños, que parece estar xa no tramo final do Sarela. Se estes pasos forman parte dun mesmo itinerario ou se configuran rutas alternativas non é posible saberlo.

- As noticias do século XIX, deixan claro a existencia dunha ruta por Poza de Bar e San Lourenzo que non pode documentarse antes. Podería ser o itinerario alternativo cara a ponte dos Chouchiños.
- Como desde estas dúas pontes -no que hoxe sería a zona debaixo do Hospital Clínico- se chegaba ao empalme co camiño de Noia é algo que non puido clarificarse.

As rutas cara ao interior de Galicia:

- Desde os tempos do Preito Tavera-Fonseca e, posiblemente desde antes, na chamada Ribeira de Conxo hai outros camiños que poden documentarse:
- O que une a cidade pero sobre todo o mosteiro de Conxo co lugar de A Curuxreira na ruta as terras do Ulla (Carcacía), sae da contorna do mosteiro e atravesa o río Sar por unha ponte ou paso que había no lugar de Torrente.
- Dalí salía tamén, segundo a Prof. Ferreira un ramal que levaba ao Castiñeiriño a través de Nogueira e Pai da Cana e, indirectamente xa que logo, as terras do Deza e a Galicia interior.

Estas sendas proporcionarían unha conexión costa-interior e Norte-Sur á cidade de Santiago e un atallo para comunicar os camiños de Padrón e Noia coas comarcas do interior, sobre todo nun tempo no que os transportes de mercadorías se facían a lombo de bestas e as condicións dos camiños non necesariamente estaban consonte a súa relevancia e xerarquía.

Na contorna do castelo:

- Os planos do século XVIII amosan un camiño transversal pola beira sur do río Sar que empalma con este un pouco mais arriba da ponte; é posiblemente unha vía que enlazaría a ruta de Noia co interior de Galicia, atravesando a ponte e logo o lugar de Torrente. A súa existencia, non obstante, debe tomarse con certa precaución por canto non é citado en ningunha documentación anterior sen que se poda entender ben o porqué.

## Noticias documentais

### *Idade Media*

#### Camiños na contorna da cidade e o castelo

Elisa Ferreira, *Camiños medievais*, p. 117, e 136-137

##### 1) Padrón-Santiago

Por debaixo do Castro Lupario... o camiño seguía polo Faramello, Rúa de Francos e Pedreira, e por Santa María de Biduído. (p. 117)

Recolle o testemuño de Leo de Roszmithal: *de Padrón a Santiago hay cuatro millas de camino montuoso, junto al cual, bajo unos tilos (...) brota una fuente de la que solía beber Santiago; de aquí a la ciudad hay una milla (...) Es común creer que los que beben de este agua, por la protección del divino Santiago, están libres durante todo el año del peligro de tener calenturas ... e continúa a autora: Esta última milla del camino iba por la ermita de la Magdalena, Porto, la Rocha, donde había otro castillo arzobispal, cruzaba un pequeño puente sobre el Sar e iba a entrar en la ciudad por la Porta Faxeira* (p. 117)

##### 2) Santiago-Fisterra

Sae por Santa Susana, cruza unha pequena ponte medieval sobre o río Sarela. Toma o trazado da actual estrada ata un pouco máis alá de Vilastrexo, segue pola Costa, San Estevo de Covas e Augapesada (p. 136-137)

Ver no CD de anexos o plano que propón.

### *Cara o Este*

**1576-4-29**

**Fáise un novo arrendamento do casal da Braña en Torrente, aos sucesores dos antigos levadores, que eran veciños de Santiago.**

AHUS Clero 428, fol. 93r-100r (mosteiro de Conxo)

*É o agro que se dize de Soutiño, que esta de la otra parte del río de Conxo e junto al Camino que va para los lugares de Nogueira e Payo da Cana.*

**1732**

### **Averiguación sobre os camiños públicos do Xiro da Rocha**

ARG, RA 4738-32

O camiño a Ponte Vea comeza no lugar de Combarro e incumbe arranxalo aos veciños de Santa Baia de Oza, *y lo mesmo ay otro que tamvien va desde esta dicha ciudad para la feligresia de San Pedro de Carcacia, el qual comienza en el lugar// de Cornes asta pasar al de Coruxearas de dicha felegresia...tambien ay otro camino que ba desde dicho Puente al lugar de Castiñeiriño y su composicion pertenece a los vezinos y personas que lleban y poseen vienes a su circunferencia*

### **Preito Tavera-Fonseca**

**1526-1527**

### **Preito Tavera-Fonseca**

Pedro Fernández de Castroverde. Cardeal da Igrexa de Santiago. 75 anos (p. 55)

*4<sup>a</sup>-...que podiera aber çincoenta y cinco años poco mas o menos tiempo que vido la fortaleza de la Rocha Fuerte y que la vido del camino frances que va para Padron*

Alonso de Piñor. Labrego. Veciño de San Pedro de Maceda. 80 anos. (p. 125)

*11<sup>a</sup>... no estubo dentro de la Rocha Fuerte mas de quanto la vido por de fuera e que siempre oyo dezir que hera buena casa y quel no save mas de quanto vido que la dicha fortaleza de la Rocha hestava cerca de los caminos de Portugal y de Pontevedra y de Padron y de Noya y e Muros de los dichos caminos de Noya e de Muros obra de un cuarto de legua y en frente de la fortaleza de Altamira obra de dos leguas.*

Gonzalo García de Baamonde. Crego. Veciño de Santaia de Codeso. (pp. 184-185)

*13<sup>a</sup>- que la dicha fortaleza de la Rocha Forte hera nescessaria e pertenesciente para la dicha*

*Yglesia de Santiago hespecialmente para en tienpo de guerra porque hasta en medio de los dichos caminos que ban para Padron e de alli para Pontebedra y para Portogal y de la otra parte el camino que para Noia e Muros...*

Jacome Alonso de Faxilde. Labrego. Veciño de Santa María de Cortegada. 85 anos. (p. 228)

*11<sup>a</sup>- Sobre la Rocha Fuerte de a par de la ciudad de Santiago dijo que antes que fuese derrocada la fortaleza de la Rocha de Santiago el dicho testigo la bido fecha e llevantada toda e que el dicho testigo no entro dentro della porque por fuera yendo camino de Santiago la bido cinco o seis bezes...*

Alonso Carballo. Labrador. Veciño de San Salvador de Sobradelo. Entre 70-80 anos. (p. 230)

*11<sup>a</sup>- que abla de la fortaleza de la Rocha Fuerte de a par de la ciudad de Santiago dize quel no hestubo dentro de la dicha fortaleza de la Rocha fuerte pero que la vido por fuera yendo por el camino para Santiago*

Álvaro de Cesar. Labrador. Veciño de San Xoán de Calo. 70 anos. (p. 447-448)

*3<sup>a</sup>- ... e ansimismo dize este dicho testigo que beniendo Juan de Cesar, padre del testigo, e con el Rodrigo de Socastro e Juan Martinez, vecinos de San Juan de Calo, con ciertos carros de pan que traian a Lopo Ferreiro, vezino de la dicha ciudad de Santiago, e beniendo para la dicha ciudad con el dicho pan por el monte de Montoto...*

Ruy do Aido. Labrego. Veciño de Santa María de Luou. 80 anos. (p. 449-450-451)

*3<sup>a</sup>- ...porquel testigo dize que vido que beniendo este testigo y con el otro quinze o beinte carreteros vezinos de tierra de Rivadulla con carros de pan e leña e provisión para la dicha ciudad de Santiago, e beniendo una mañana de nochada y estando folgando cabe el lugar de Conbarro donde se aze un llano que hes a cerca de la ciudad de Santiago...*

Martín de Tarrío. Labrego. Veciño de Santa María de Cruces. 90 anos. (pp. 461-462-463-464)

*3<sup>a</sup> ... y dize que vido que en camino que viene de la villa de Padron para la ciudad de Santiago ponian un poste con un cesto para que de carga de pescado que pasase para la dicha ciudad de Santiago echasen en el dicho cesto ciertos peses y pescados...,*

*4<sup>a</sup>... y porque la dicha fortaleza de la Rocha estaba a cerca de la dicha ciudad de Santiago...*

### **Santiago-Padrón**

Este é o camiño máis importante que pasa pola contorna do castelo; ten no lugar da Choupana- Santa Marta, o empalme do que sae cara a Noia.

v. tamén o apartado dedicado á poboación da Choupana, que esta entrambos camiños, e, máis abaixo o dedicado aos arredores de Santa Marta.

**1229-06-27**

**Miguel Pérez, crego de Santa María de Villestro, e a súa irmá Guntrode Petri venden a Xoán Fernández, cóengo, e ao cabido o seu herdamento en Laraño e Biduído.**

ACS, Tombo C, fol. 83r

*Quantam hereditatem habemus in Laranio, laycalem de avolencia et de ganancia, scilicet, in Casal, in Caschusindi, in Coyra, in Frayz, in Sauto, in Fravega, in Syon, in Subygia, in Cas Diaz, in Paredes, in Cas de Rigo, in Canderela usque ad caminos de Petrono, in feligresiam suis Sancti Martini de Laranio et Sancte Marye de Biduydo*

Segue o texto coas cláusulas de firmeza e roboración, testemuñas, etc.

*Postea predicta era et quot VIII<sup>o</sup> idus iulii Petrus Artarius, pater predicti Michael Petri presbiter et Guntrode Petri, predicte, et Afonsus Martiniz, maritus ipsius Guntrode, concesserunt totum hoc supradictum*

**1266-4-20**

### **Testamento D. Xoán Arias**

López Ferreiro, *Historia*, v. V, ap. 37

Entre as dádivas a mosteiros, etc.: *leprosis de carraria de Petrono sl. X*

## 1460-1467 (1526-27)

### Preito Tavera-Fonseca

Declaración de Martín de Tarrío. Labrego. Veciño de Santa María de Cruces. 90 años. (pp. 461-463)

*3<sup>a</sup>... y despues los sobredichos Diego de Prado y sus conpañeros se acogian a la dicha fortaleza de la Rocha; e dize este testigo questubo en la dicha Rocha Fuerte tienpo y hespaçio de un mes poco mas o menos siendo el dicho Alvaro Sanchez alcalde y dize que vido que en camino que viene de la villa de Padron para la ciudad de Santiago ponian un poste con un cesto para que de carga de pescado que pasase para la dicha ciudad de Santiago echasen en el dicho cesto ciertos peses y pescados, no sabe el testigo ni hes acordado si ocho o diez e quel que no echava el dicho pescado en el dicho cesto lo matavan la carga de pescado que llevaba para la dicha fortaleza porquel testigo bio quel dicho Juan de Lamas, criado del dicho alcalde, y otros tres o quattro, tomaran una carga de pescado a Fernan de Campelo, vezino de Padron que llevara para la dicha ciudad. E despues dize este testigo que bido que en la dicha hermandad asaetaran al dicho Juan de Lamas por causa de la dicha carga de pescado que avia tomado al dicho Fernan de Campelo; e dize este dicho testigo que oyo dezir que la dicho Rocha Fuerte y de las otras fortalezas que entonzez avia se fazian muchos males e prisiones e rescates ... e dize este dicho testigo que bio que los de la dicha hermandad que dicho tiene que vido llevantadas fueron contra la Rocha Fuerte de Santiago y le derrocaron... Ver resposta completa nos anexos*

## 1565-6-20, Santa Marta

**Foro que fixeron os “residentes na orde de Santa Marta” aproban e ratifican a trasposición de foro feito por Bastian Diaz, manteiro, a Gonzalo Rodriguez, escribán, e a Tareixa Conde, a súa muller, veciños de Santiago de certa herdade; levan o foro pola súas vidas e tres voces e 29 anos.**

AHUS, Protocolos notariais, S- 272, fol. 372r, 374r

Os “residentes” que outorgan son Lucas Suárez, Alberte de Canba, Gregorio do Outeiro, Gonzalo Afonso, Juan de Cerdeira, Pedro da Cerdeira, Afonso da Cerdeira, María de Brocos, Maria da Barreira.

Danlle o *tarreo y agro de heredad que se dize e nonbra da Fonte* que Bastián levaba e otro pedaço de [faltan como dúas palabras] quarto [varias letras]neyro nuebo que esta [1 palabra] al camino que va para Padron asta el ca[ unhas 6 letras] que ba para la villa de Noya segund quedo senalado y marcado por el dicho castineyro.

Pagaran de renda anual catorce reais pagos no día de San Martiño.

#### 1573-4-1

**Concerto sobre o casal dos Chouchiños entre Catarina Rodríguez, viúva de Xoán de Ballesteros, campaneiro, e o seu fillo Antonio de Ballesteros, por unha banda, e Xoán de Sar, veciño de San Martiño de Laraño, pola outra.**

AHUS, Prot. Not. S-404, fol. 363r-366r

Catarina e o seu fillo dan a Xoan de Sar *el su lugar e casal que se dize de los Chouchiños, sito en la felegresia de Santa Maria de Conjo para que por ellos y en su nombre lo pueda labrar, vibir e morar por si e por algun hijo e hierno o por otra persona en su nombre, con que la persona quel pusiese en el dicho lugar sea a voluntad y consentimiento de los dichos Catalina Rodriguez y Antonio de Ballesteros. El qual dicho lugar con todas las casas, casares... heçepito el agro que se dize dentre los Caminos y el agro de Milladero, que trae Tome, vecino de Conjo, y el molino que los traen [sic] que todo e lo resçiban para si.*

Durante o tempo do arrendamento, Xoan ha de cerrar de muro y valo la heredad questa de la hesquina de la Puente de la Rocha asta dar al agro de Milladoiro, todo a la orilla del Camino Francés asta entestar en el agro de Marcos de Torrente, con que quede de por medio una congostra por donde puedan pasar tres carros a par

**1606-1609**

### **Apeo xeral dos bens da Mitra**

AHUS, Clero, Mitra, 1633. Apeo do lugar dos Chouchiños, fols. 64r-68v

*Yten la casa que dizen da Choupana en que bibe al pressente Juan Perez, çapatero con dos cortes.*

*Yten un agrillo questa junto de la dicha casa, questa entre los caminos, llebara de sembradura una rapada de pan con su salido desde el camino que pasa derecho azia el camino que ba a Noya.*

*Yten otro agro que esta entre los dos caminos reales que bienen de Noya y Padron, azia la horden de Sant Larazo zerrada de sobre si llebara seis rapadas de centeno de sembradura y que no avia otra cosa mas de lo suso expresado, ezeto las entradas del dicho lugar.*

**1605-11-29**

### **Foro do lugar de Rial de Conxo a Sebastián Palomino.**

ARG, R.A, C-18270-8. Fol. 167-169 (inserido no proceso entre o arcebispo de Santiago, don Francisco Alejandro Bocanegra, cos posuídores e "llevadores" dos lugares e forais de Rial, Rocha, Torrente, en Santa María de Conxo e outros veciños do Xiro da Rocha, sobre prorratoe de rentas, 1777).

Entre as fincas que se mencionan: *Mas un pedazo de heredad sito en el agro Nuebo a la parte de la travesia que por la parte de avajo entesta con heredad del cavildo que esta demarcado que la parte que nos pertenece y a nuestra dignidad llevara de sembradura tres ferrados de pan y por la parte de avajo confina con el rio y por la parte de la travesia estrema con el agro de la Puente.- Mas este pedazo de heredad sito en el agro de la Puente que estrema por la parte del vendabal con el agro que pertenece al cavildo segun esta demarcado y por la parte del nordes estrema con heredad del monasterio de Conjo que llevara de sembradura una carga de pan poco mas o menos con mas un pedazo de tojal que alinda y esta dentro de dicho agro y por la parte de travesia topa con el camino frances que ba de esta ciudad para la de el Padron que llevara de sembradura tres ferrados de centeno.- Mas otro pedazo de heredad sito en e agro de Refojo que por la parte de la travesia topa con leira del cavildo y por la parte del vendabal con el rio de la Rocha y por la parte del nordes con el camino frances que llevara de sembradura quatro ferrados de pan y por la parte del nordes en la*

*caveza de la dicha heredad un pedazo de dehesa que las siete partes de toda la dicha deesa y mas que esta en el dicho agro nos pertenece a la dicha nuestra dignidad arzobispal.-....*

*Mas un agro que esta todo cerrado alderredor y por la parte de la travesia alinda con el rio de la Rocha y por la parte del vendabal con el monte del mismo lugar y de el camino frances, que llebara de sembradura quatro cargas de pan que se llama agro de San Vieito.-. Iten el agro de Requeijo y una leira grande que llevara de sembradura cinco ferrados de pan que alinda por la parte del vendabal con leira del cavildo segun todo el esta cerrado y circundado y por la parte del nordes con heredad del monasterio de Conjo y por la parte de la travesia con el camino frances.- Mas una leira sita en el agro de la Callada que ba de longo del nordes asta el vendabal y sale al camino frances que llebara de sembradura quattro ferrados de pan poco mas o menos y por la parte de la travesia alinda con heredad del monasterio de Conjo.*

Para o detalle do itinerario do camiño de Padrón no lugar de Rial v. o apartado dedicado a esta poboación.

**1614**

### **Foro do lugar de Enfestela.**

Inserido en ARG, Real Audiencia, C-18270-8.

Entre os bens deste foro está: *El casal viejo que esta en medio de el todo esta cercado y circundado de por si de muro de tierra y piedra sin se meter ninguna heredad de otra ninguna persona en medio de el y se demarca por el Camino Frances que ba desta ciudad para la villa de Noia a la mano izquierda dende el omilladero de la Choupana asta topar en el rio y puente que llaman de la Rocha, ba rio arriba asta dar en la puente que ba dende esta dicha ciudad de Santiago a la villa del Padron y vienen cerraduras arriba acia esta ciudad pegado con el camino frances asta topar en la segunda cancela que ba acia el lugar de Torrente.*

**1615**

**Proceso de Gabriel de Torrente con Sebastián Palomino, polo lugar da Enfesta**

ARG, R.A. 23130-103, fol 64v-87r

Este lugar ten fincas xusto debaixo do castelo da Rocha; lindan co camiño de Padrón, xa na beira sur do Río Sar (lugar de Rial e da Rocha) e co camiño a Padron

*el dicho lugar no tiene casa ninguna en que se biba sino hes en el medio de un pardinero viexo quel ansi no tiene paredes, el qual dicho lugar hasta todo cercado y circundado de arredor de por si, sin se meter heredad en el medio, y se parte y liquida de parte a parte con los dos Caminos reales que van de la ciudad de Santiago abaxo asta el rio de la puente de la Rocha que ba para el Padron y de la otra parte para Noya y el rio en medio asta topar en el l'Omilladero junto a la Chopana; y las dichas heredades del y como se llaman y lo que lleban*

**1666**

**O rector do Colexio da Compañía de Xesus con Diego de Ballesteros sobre o lugar de Chouchiños**

ARG, R.A., 15329-3

*...Mas una toxeyra monte y dehesa que llevara de senbradura catorce ferrados de pan poco mas o menos. Mas otra beyga que esta cerrada de sobre si y llevara de sembradura doce ferrados de pan poco mas o menos. Todas las quales heredades confinan con los lugares de Agrasan, Agra de Conjo y Torrente, por los caminos del rio de Sar y de San Lorenzo y el que ba de la ciudad de Santiago a la villa de Noya y todas estan juntas sin que se meta otra ninguna ni del monte y dehesa que esta pegada a dichas heredades y confina con dicho camino que ba a Noya y rio del Arçobispo.*

*... y prado y todo ella esta cerrado y cercado de sobresi y en medio de los dos caminos que ban desde la ciudad de Santiago a las villas de Padron y Noya....*

*A la quince partida de segundo memorial que al testigo le fue leyda y declarada por mi receptor dijo el testigo sabe mui bien conoce el agro que se dice das Choupanas segun esta cerrado y circundado de sobre si y entre caminos que ban desta ciudad de Santiago para la villa de Noya y de Santa Marta*

*para la villa de Padron ...conoce muy bien tres casas y un suelo de otras que se dice del lugar de Choupana al de presente bive Pedro da Ponte, errero, con una guerta y prado pegado a ella y todo cerrado y circundado de sobre si y dicha casa, prado y guerta hasta entre caminos que ban para la villa de Noya, Padron, conbento de Conjo y otras partes..*

**1681**

**Executoria do lugar de Chouchiños.**

AHUS, Clero, Mitra 46. Executorias

*... y aviendo medido la heredad de Milladorio que confina por una parte al camino frances y por la otra parte a agro de Agrasan allaron tener setenta y nuebe brazas a dos reales y medio cada braza,...*

**1732**

**Averiguación sobre os camiños públicos do Xiro da Rocha**

ARG, RA 4738-32

Neste ano, segundo parece e por orde do Intendente Xeral de Galicia acometéuse un arranxo dos camiños principais de Galicia, entre eles este, coa advertencia *de que los malos pasos que hubiere en dichos caminos los ha de hacer cubrir de calzada de piedra.*

Os camiños eran arranxados pola veciñanza que se beneficiaba deles directa ou indirectamente, por isto nas zonas más próximas cada tramo do camiño era incumbencia dunha freguesía concreta.

**c. 1751**

**É posible que neste tempo se acometera un arranxo superficial de todos os camiños reais que saían da cidade; del derivaría o proceso xudicial de ARG, RA 4738-32, entre freguesías do norte da cidade.**

**1756-11-11**

**Acta da reunión do consistorio celebrado nese día.**

AHUS, AM, Consistorios 198, fol. 312r

Varios rexedores dan conta do recoñecemento feito na canteira aberta para o camiño de Sar a petición dos asentistas (contratistas) da obra, José Vidal e José Crespo.

*la cantera que han aviendo los sobredichos en medio de los caminos de Rapa da Folla y del que vaya de Santa Susana a Santa Marta, en que no encontraron se haga perjuicio a persona alguna ni al transito, haciendo un paredon que evite desgracia si se estrabia de noche alguna persona o ganado ynterin dure dicha cantera y de fenecida, terreplenarla para que no quede pantano para dicho transito.*

**c. 1775-1778**

**Plano da traza do camiño Santiago-Padrón segundo as reformas feitas.**

ACEGE, 25 e IHCM, C-17-11 (v. no cd anexo as reproducións)

Nestes deseños apreciase con total claridade o trazado antigo do camiño e o novo, xunto coas intervencións que para o seu mellor acondicionamento se realizaron.

Describen este itinerario: Santa Marta-Río Sar- perímetro exterior dos termos de Rial e A Rocha, Poza Real.

A respecto da traza anterior se acometeron algunas modificacións de relevancia:

O camiño ten agora un percorrido más recto; atravesa o lugar de Santa Marta, que antes deixaba á man dereira ao sair da cidade e baixa ao río describindo unha curva más sinuosa que antes pero posiblemente mais practicable. Cruza o río Sar pola "Ponte da Rocha" que é unha nova infraestrutura apenas uns metros río arriba da vella. Adéntrase algo más no termo de Rial na zona más achegada ao río, para ofrecer un mellor ascenso; encostase na aba do monte para a subida ao Milladoiro, facendo unha pequena circunvalación a Poza Real.

1777

**Proceso do arcebispo de Santiago, don Francisco Alejandro Bocanegra, cos posuídores e "llevadores" dos lugares e forais de Rial, Rocha, Torrente, en Santa María de Conxo e outros veciños do Xiro da Rocha, sobre prorratoe de rendas.**

ARG, R.A, C-18270-8, fol. 145-147

Ao falar do lugar da Rocha e os seus lindes: *el dicho lugar da Rocha de que hes poseedor tiene sus casas y cortes y molino y sus corrales con sus entradas e salidas, guertas y aguas con que se riega, y todas sus heredades labradias y estan muradas, cerradas y los montes marcados y conocidos por el dicho lugar y con sus marcaciones antiguas y comienzan los dichos montes dende el rio da Rocha y por las regas arriba asta dar en el lugar de Coira y Santomil y buelben al lugar de Ventin y por el Camino real asta dar en el dicho rio da Rocha y Ponte d'arriba y ansi como esta conocido.*

**1780-11-09, Santiago**

**Acta da sesión do consistorio compostelán celebrada nese día**

AHUS, Protocolos, S-4337, fol. 22 r e ss.

*haver observado que el Camino Nuevo que se esta haciendo en el campo de Santa Susana por Real Orden... para que se arranxen unhas fendas na capela do Pilar. Dixeron ser propio e ynsolidun de la ciudad todo el terreno del Campo de Santa Susana, a excepcion de algunos que ultimamente se derrivaron por ocupar la construcción del Camino Transversal en que se esta trabajando desde la Puerta Faxera hasta el que ya estava hecho en el Barrio de Santa Marta, vereda real del Padron y Tuy y para la plaza que ygualmente se construie según real orden [a praza sería o que agora é Xoán Carlos I, segundo se explica no acordo anterior]; todo o movemento para o derrubo da sancristía do Pilar ten como obxecto que se vexa desde a Porta Faxeira o Camiño Novo de Padrón.*

**1803-1-20**

**Fíxose lectura neste consistorio dun oficio do celador da cidade solicitando auxilios para a composición de camiños.**

AHUS, Arquivo Municipal, 294, fol. 39 v

Especialmente estragados están o que sae por San Roque e tamén *el camino que jira desde la capilla del Pilar al Padron, y especialmente asta el Puente Rocha se alla en el estado mas deplorable e yntransitable con grave perjuicio de los transeuntes y aun de los intereses de SM*

**1813-9-25**

**Lectura dun oficio do gobernador sobre a composición da vereda á Ponte da Rocha.**

AHUS, Arquivo Municipal, 322, fol. 179r-179v

A obra vai dar comezo o próximo luns e solicita sexan aprestados todos os medios necesarios. Os rexedores acordan que o mestre Trasmonte e o vedor da cidade colaboren no proceso.

O vedor mirara que os custes e medios non sobrepasen o acordado co gobernador e o mestre procurara que *la recomposicion ceñida a lo que es la vereda, no salga de sus limites*

**1819-5-4, Madrid**

**Nota na Gaceta de Madrid sobre os arranxos nos camiños transversais de Galicia, feitos a instancias do rei e baixo a dirección de Andres García, arcediago de Viveiro.**

*Gaceta de Madrid*, vol. 1 p. 452 (4/5/1819)

*Se han compuesto 4666, 2/3 varas lineales del camino transversal de Santiago en los puestos llamados el Jaramello, bajada del puente de la Rocha, y en su intermedio, desmontando, terraplenando y formando despues el bombado con piedra bien marcada, y abriendo zanjas de una y otra parte del camino con el ancho correspondiente.*

Fíxose ao abeiro da R.O. de 18 de setembro de 1817 e comezáronse os traballos en novembro dese ano. A noticia completa [neste enlace](#).

**1866**

***Do itinerario descriptivo militar de España.***

**Ruta nº 1212 De Coruña a Pontevedra por Santiago.**

En total son 117,5 Km en 5 etapas. Na que sería terceira etapa (Santiago-Padrón):

*Barreiras, aldea, a 1,5 Km da cidade.*

*Espiñeiras, aldea, a 0,5km da anterior*

*Santa Marta de Abajo, aldea, a 0,5 km*

*Esta aldea y las dos que siguen pertenecen a la feligresía de Santa Susana de afuera de Santiago, y reunen 47 edificios y 39 chozas o albergues...*

*A 0,5 k. se separa por el mismo lado la carretera a Noya (número 1364). A 1,5 de Santa Marta de Abajo se cruza por un puente de piedra el río Sarela y la carretera asciende suavemente hasta Seidónmilladoiro, para descender del mismo modo á Esclavitud, y seguir el valle del Sarela, cuyo río corre próximo, por la derecha, hasta Padrón...*

*Seidónmilladoiro, aldea, 4,0 km. Tiene 31 edificios y pertenece a la feligresía de Santa María de Biduido y al ayuntamiento de Ames.....*

*El ferro-carril de Santiago a Carril, que está en construcion, sigue entre la carretera y el río.*

Este trazado é anterior á construcción da Ponte Nova da Rocha. Recolle o trazado histórico do camiño no tramo Río Sar-Milladoiro.

O lugar das Barreiras está na actual rotonda de Romero Donallo-Rosalía de Castro, na entrada da avda. Mestre Mateo; esa entrada ao camiño de Noia construíuse no s. XIX.

Neste ano áinda non existe a estrada de Ourense que é un camiño de carros *natural del país*; sae polo Castiñeiriño, deixando a un lado a estrada de Pontevedra, xusto á saída da cidade.

### ***Santiago-Padrón s. XVIII***

Todo apunta a que foi neste século cando houbo unha modificación substancial do trazado, que é a queda reflectida nos planos localizados nos arquivos do Exército. Os arranxos anteriores limitábanse a mellorar o pavimento.

**1732**

**Averiguación sobre os camiños públicos do Xiro da Rocha**

Percorrido:

Cruz que hai onde a capela de Santa Marta-Ponte da Rocha-Poza Real (*y la calzada que junto a ella se alla*)- Porto Fornelos (onde o marco que separa Conxo de Biduído e onde parte o camiño de Biduído)- A granxa de Carantoña

Colaboran no seu arranxo veciños de moi diferentes parroquias.

### **m. s. XVIII**

#### **Expropiacion de terreos en Torrente e Seidón para o camiño real.**

En Torrente non se dan moitos nomes concretos de fincas pero todas parecen leiras do agro do Castro, agra do Sobiado e Valo Nuevo. En Milladoiro non se dan nomes.

Na zona de Torrente, a cartografía da a entender que o camiño foi reformado para describir un arco mais amplio na baixada ao río entraría más no que agora é a Choupana para mellor trazar o descenso dando a volta ao monte do Castríño de Conxo.

**Véxanse os apartados correspondentes a estas poboacións e a cartografía**

### **c. 1775- 1778**

#### **Planos do trazado e intervención no camiño de Santiago a Padrón.**

ACEGE, 25 e IHCM, C-17-11 (v. no cd anexo as reproducións)

Comprende o treito da saída de Santiago ata algo máis arriba de Poza Real. Amosan os trazados novo e vello, os camiños que con el enlazan, un deseño das poboacións, as características da obra realizada.

Nestas imaxes apreciase con total claridade o trazado antigo do camiño e o novo, xunto coas intervencións que para o seu mellor acondicionamento se realizaron.

Describen este itinerario: Santa Marta-Rio Sar- perímetro exterior dos termos de Rial e A Rocha, Poza Real.

A respecto da traza anterior se acometeron algunhas modificáons de relevancia:

O camiño ten agora un percorrido máis recto; atravesa o lugar de Santa Marta, que antes deixaba á man dereira ao sair da cidade e baixa ao río describindo unha curva máis sinuosa que antes pero posiblemente mais practicable. Cruza o río Sar pola “Ponte da Rocha” que é unha nova infraestrutura apenas uns metros río arriba da vella. Adéntrase algo máis no termo de Rial na zona máis achegada ao río, para ofrecer un mellor ascenso; encostase na aba do monte para a subida ao Milladoiro, facendo unha pequena circunvalación a Poza Real.

## 1778-1793

### Camiño Carrileiro

Vigo Trasancos, *Caminos de Iria Flavia*, p. 69

Foi refeito na súa totalidade o camiño Santiago-Pontesampaio nos tempos dos arcebispos Rajoy y Malvar, baixo proxecto do arquitecto Fernando Gaber entre 1778-1793. A obra comezou nas aforas de Santiago en 1780 ([é o que reflictan os mapas do Exército](#))

No tempo do arcebispo Malvar, xa rematado o camiño no tramo Santiago-Padrón, procedeuse á plantación de mais de 30.000 árbores ás beiras do camiño, no tramo Santiago-Pontevedra.

Foi un camiño apto para vehículos rodados e feito con moito coidado. No tramo Padrón-Ponte sobre o Ulla nesta vila aínda se conserva a trama e aparencia antigua do camiño.

O Arcebispo Malvar financiou o seu arranxo e embelecemento. Hai un plano moi fermoso dese plantío de Malvar v. Cartografía (Museo de Pontevedra), unha descripción das plantación e unhas ordenanzas para o seu mantemento (vide infra).

É posterior á creación do camiño novo, que ven sendo a saída de Santiago.

**1788**

**Os veciños de Santa María de Biduído cos de Santa María de Conxo, sobre composición de camiños.**

ARG, R.A., C-9144-31

Os veciños de Biduído denuncian e consideran unha tropelía a obriga que se lles impón de arranxar *el camino transversal existente a la salida de la ciudad de Santiago desde la Cruz que llaman de Cornes hasta pasar el puente llamado Rocha de Avajo, se les quiere precisar en el dia a que lo redifiquen y compongan con toda seguridad y comodidad qual nunca ha tenido, cuia obra exzedera precisamente a toda la posibilidad...*

Os vecinos de Biduído alegan que a parroquia de Biduído dista como *una legua y media del expresado terreno y sitio del Puente Rocha ... la composición que se requiere hacer del mismo transito de la Rocha para que quede en la forma que debe y que nunca ha tenido ay mucha tierra y piedra que desmontar y otros trabajos que hazer ymposible por meros labradores que piden direccion de maestro; a aquello se añade que en la parroquia de Conxo en cios terminos existe el citado transito apenas tiene camino en su territorio que componer por quanto el de la Rocha de Arriva que ba la villa del Padron que antes se componia por los vecinos de dicha de Conxo y otros es oy camino real que se repara por cuenta de Su Magestad...*

**1792**

**Plantío do arcebispo Malvar**

Couselo Bouzas, *Galicia artística*, p. 668 e ss.

Fíxose unha plantación de árbores ao longo do camiño Santiago-Pontevedra, tanto para embelecelo como para dar mellor protección aos viaxeiros e, de paso evitar a invasión da súa trama polas fincas lindeiras.

*... se halla existente a las márgenes del Camino Real, que sigue desde esta ciudad a la de Pontevedra, y se compone de álamos y robles con su correspondiente cepa de viña enlazada en cada uno, puestos todos con el mejor orden y simetría, a los que acompañan otras dos diferentes hileras de frutales de las mejores especies plantados en medio de aquellos, así en las tierras baldías como en las testeras de*

*las heredades, que confrontan con dicho Real Camino, formando así la más bella armonía y hermosura que se dexa ver en un plano...*

*Jurisdicción del Giro de la Rocha.*

*Están a cargo de ésta tres parroquias, Santa María de Conjo, Santa María de Viduído y San Juan de Calo.*

*Santa María de Conjo.- Hilera de la derecha caminando a Pontevedra. Robles 400, cepas de viña 400, frutales 400. Hilera izquierda. Robles 385, cepas 383, frutales 383.*

*Santa María de Viduído.- Hilera derecha. Robles 132, cepas de viña, 132; frutales, 132. Hilera izquierda. Robles 529, cepas de viña 529; frutales 529.*

Este autor publica tamén unha transcripción das ordenanzas que se deron para o mantemento do plantío coas obrigas das poboacións (v. documentos dixitalizados)

Hai un deseño da intervención, que se custodia no Museo de Pontevedra (v. anexos, cartografía)

Algún viaxeiros de finais do século XIX e principios do XX describen este camiño e a súa apariencia; varios coinciden en sinalar que era fermoso e moi agradable, sobre todo na contorna entre Padrón en Santiago.

### ***Modificacións no tramo da Rocha no século XIX***

**1860**

**Memoria acerca de los estudios de la vía ferrea de Santiago a Carril por Thomas Rumball, Esq., ingeniero civil.**

AHUS, AM, 1397

*.... Pasemos ahora a describir el curso de la linea.*

*Pasada la estación, sigue aquella el mismo nivel por unos 236 metros; cruza las praderas de Sar al camino real que conduce desde Santiago a Orense, el que pasa en el mismo nivel;...*

*Al pasar una casita situada en la aldea de Torrente, la linea cruza por debajo del camino real que*

*conduce desde Santiago a Padrón; y a consecuencia de interceptarse la carretera y la via ferrea en ángulos muy oblicuos, será preciso alterar aquella, de la manera demostrada en los planos a fin de poder construir un puente sobre la via ferrea en angulos rectos.*

*Al dejar la carretera, la linea sigue por terreno alto unos 1200 metros haciendo una curva de 400 metros de radio sobre el rio Sarela, hacia el molino llamado dos Ameneiros, el que habra que trasladarse a cualquier punto inmediato. Desde aqui prosigue por la ladera del monte, cerca del camino nuevo que conduce a Noya, pasando por la esquina de la fabrica de curtidos de don Benito Fernández.*

Este cruzamento entre a estrada e o ferrocarril establecíase sobre o trazado antigo da vía Santiago-Padrón (o do s. XVIII) por canto non houbo unha modificación substancial do que hoxe é a N-550 ata a máis tarde, ao albur do plan de estradas que comezou a executarse na década de 1860.

### *O camiño nos arredores de Santa Marta*

Aquí é onde se dividen os camiños de Padrón e Noia.

#### **1565-6-20, Santa Marta**

**Foro que fixeron os “residentes na orde de Santa Marta” aproban e ratifican a trasposición de foro feito por Bastian Diaz, manteiro, a Gonzalo Rodriguez, escribán, e a Tareixa Conde, sua muller, veciños de Santiago de certa herdade; levaran o foro pola súas vidas e tres voces e 29 anos.**

AHUS, Protocolos notariais, S- 272, fol. 372r, 374r

Os “residentes” que outorgan son Lucas Suárez, Alberte de Canba, Gregorio do Outeiro, Gonzalo Afonso, Juan de Cerdeira, Pedro da Cerdeira, Afonso da Cerdeira, María de Brocos e Maria da Barreira.

*Danlle o tarreo y agro de heredad que se dize e nonbra da Fonte que Bastián levaba e otro pedaço de [ faltan como duas palabras] quarto [varias letras]neyro nuebo que esta [1 palabra] al camino que va para Padron asta el ca[ unhas 6 letras] que ba para la villa de Noya segund quedo senalado y marcado por el dicho castineyro.*

Pagaran de renda anual catorce reais pagos no día de San Martiño.

### **1569-11-23. Santiago de Compostela**

**Catalina Rodríguez, viúva de Juan de Ballesteros, veciña de Santiago, arrenda a Margarita dos Chouchiños, viúva de Pedro dos Chouchiños, veciña da parroquia de Santa María de Conxo, do agro dos Gallegos, situado entre os camiños que van para as vilas de Noia e Padrón, durante tres anos e por renda anual de tres rapadas de centeo e unha galiña.**

ACS, Protocolos notariais, P045/1. Fol. 423r-424v

*...vos arriendo el agro que se dize dos Gallegos questa entre los caminos de ban y sirben para las villas de Noya y Padron con sus entradas y salidas, arboles y lo a el pertenesçiente y por tiempo de tres anos... por presçio cada un ano de siete rapadas de pan zenteno lñpicio y seco... y una gallina puesto y pago y entrego en vuestra casa de morada para que de alli yo lo muela en el molino que alli tengo...*

AHUS, AM 1834, peza 20

### **Ponte do Regueiro**

**1914**

**Antecedentes referentes á reconstrucción da Ponte Regueiro, que conduce ao lugar de Sarela, destruído no temporal de 18 de xuño de 1893**

AHUS, AM 1834, peza 27

Petición e exposición da veciñanza da *calle, campo, corredoira y puente* de San Lourenzo, que di que:

*preto los molinos de San Lorenzo, existia un puentecito conocido con el nombre del 'Regueiro' que prestaba especial servicio a dichos vecinos ... a pie y con carro. Mas a consecuencia de un temporal se ha derribado pasa de diez años sin que las gestiones hechas entonces y despues hubiesen dado el resultado deseado. Desde entón usan otros pasos que quedan arredados e son estreitos e que, polo uso intenso, están agora estragados. Piden que se refaga a ponte. Asinado pola veciñanza.*

Segundo a petición presentada inicialmente, a ponte esta junto a la fabrica del señor D. Santiago Hardinguey, en el barrio de San Lorenzo, cuyo puente presta grande servicio a los lugares de Sarela, de San Fructuoso y Marmancou, Moas de Arriba y de Abajo, de Figueiras.

1905, informe da comisión de policía rural: *hace mas de diez años que por consecuencia de un gran temporal que origino acumulacion de aguas procedentes de avenidas torrenciales, ha sido deribado el paso a nivel que, afectando la forma de alcantarilla, de defectuosa construccion, existia a corta distancia de la fabrica de curtidos denominada de Santalo, en el camino vecinal que desde la calle de San Lorenzo conduce al lugar de Sarela de Abajo y otras comarcas; siendo esta la causa de que aquellos vecinos de vean obligados a dar gran rodeo por tener que conducir los carros a esta*

*poblacion, al enlace con la carretera de Noya en las aproximaciones del puente de Vidan...*

Contén tamén este expediente: memoria técnica, orzamento, deseño, plano de situación...

A fábrica mencionada sería a que está debaixo de San Lourenzo, no hoxe chamado Camiño do Regueiro.

## *A Ribeira do Sar*

Na documentación consultada, este río recibe diferentes nomes, entre eles o de Sarela - ainda que é evidente que non é ao afluínte ao que se están a referir-. A maioría deles fan referencia a un tramo concreto do río: o río de Conxo, o Río da Rocha.

Desde o momento mesmo da fundación do mosteiro de Conxo temos noticias sobre a ribeira do Sar naquela contorna pois o arcebispo Xelmírez mandou facer viveiros para que as monxas tiveran peixe do que se sustentar. É posiblemente na canle de Areas na pesqueira que se chama no s. XVI da Meimoa e que podería estar ao carón da casa das Areas que se menciona no memorial de Pedro de Brey (1591) de melloras no lugar da Rocha.

Segundo deixan ver os documentos a ribeira do río está destinada principalmente a brañas



e prado interrompidos de cando en vez por muíños e pontes. Comparada coa do Sarela, estamos ante unha zona considerablemente menos explotada, posiblemente pola súa lexanía da cidade e as características da topografía.

De feito, na contorna do mosteiro os

camiños e aldeas son os xustos; pola contra, a partir da zona denominada o río da Rocha - isto é aquela da contorna do castelo- a intensidade da humanización é maior: muíños, pontes, camiños,...

As principais pontes son aquellas que cruzan o río unindo itinerarios de longa distancia (os camiños de Padrón e de Noia), ainda que tamén as houbo en Torrente e a Fervenza. Neste punto hai un muíño antigo que parece que deu orixe a un núcleo poboacional. A aqueles pasos orixinais unironse desde o século XIX outros, tantos que é difícil ter unha idea clara.

Novamente a zona da confluencia co Sarela é a que más intensa explotación hidráulica ten, ainda que hai tamén muíños nos lugares de Torrente, Rial e A Rocha. Aquí malia a ter un río é mais caudaloso a pendente da ribeira é menor o que obriga á construción de

presas para a condución das augas para muíños e regas.

Estas construcións poden documentarse desde os inicios da Idade Moderna e acostuman a ser muíños con vivenda e horta, que dan acubillo a unha familia. O aproveitamento industrial da ribeira do Sar nesta contorna é limitado, concretándose nas fábricas de curtidos de Vidán -logo vivenda e hoxe Centro Sociocultural- e na fábrica de Papel de Laraño, hoxe convertido en hotel.

## Noticias documentais

Para un maior detalle v. os apartados dedicados ás distintas poboacións.

### *Pesqueiras*

c.1129

#### **Relato da fundación do mosteiro de Conxo**

*Historia Compostelana*, Libro I, cap. 21

*¡con qué pura y fervorosa intención no fundaría la iglesia de la santa y purísima Virgen María de Conxo, no muy distante de la ciudad, con las casas que la rodean!...Estimulado pues, por el amor divino, deseando con toda la fuerza de su espíritu edificar aquel lugar, hizo plantar a la redonda en lugares convenientes, no solo pomar y cerezal, de que ni una rama había, sino también todo género de árboles frutales de los que se hallan en estas tierras; y en el mismo río, que corre por cerca de la iglesia, como frecuentemente lo hemos oído, mandó hacer viveros de peces, para que, cuando no pudieran proveerse de pescado las monjas que habitasen en dicho lugar, se socorriesen con ellos.*

#### **1567-5-27, na horta do mosteiro de Conxo**

**O mosteiro confirma e aproba a cesión que fai Xoán da Igrexa o vello, veciño de Conxo, de varios bens que levaba do mosteiro de Conxo en favor do seu fillo, que hera hombre que podía grangear las dichas heredades e lamprehera e pagar la renta dellas.**

AHUS Clero, Conxo 428,fols 29r-30v

O home levaba unhas herdades que non se especifican e mas *cierta parte del canal de Areas que es en la pesquera que se dize da Meimoa / de Ameimoa?*. Por isto paga de renda anual 18 reais de prata e 14 lampreas. Os cartos pagos por Pascua Florida e as lampreas *en toda la quarentena*.

Aínda que non di o documento onde queda todo leva a pensar esta canle e pesqueiras que están nas proximidades do mosteiro. De feito, o memorial de Pedro de Brey referido ás melloras que fixo no lugar da Rocha cita como un dos arranxos a reconstrucción da casa das Areas.

### **Muíños na contorna da Rocha**

v. tamén as noticias recollidas no apartado dedicado ao lugar da Rocha

### **1613-12-05. Santiago de Compostela**

**Martín Becerra, escriban e veciño de Santiago, arrenda a Juan da Iglesia, veciño de San Martiño de Laraño, labrador, un muíño no río da Rocha por unha renda anual de seis ferrados de trigo.**

ACS, Protocolos notariais, P151, fols. 243r-244r

*En la ciudad de Santiago a cinco dias del mes de deziembre de mill e seiscientos e treze años por ante mi escrivano e testigos parecio presente Martin Bezerra, escrivano,...vezino de la dicha ciudad y arrendado y dio en arrendamiento a Juan da Yglesia es a saber que le arrendo e dio en este dicho arrendamiento un molino que esta junto a la Puente Bella en el rio de la Rocha junto a otros dos del dicho Martin Bezerra que trae Juan Parente do Rial el qual le arrendo segundo esta moliente corriente con sus entradas y salidas y los mas a el aneso e perteneziente; el qual le arrendo por todo el tiempo y termino que duran las escrituras que dicho Martin Bezerra tiene del dicho molino que corre y se quenta desde oy dicho dia en adelante asta ser fenecido y acabado... y en precio y renta en cada un ano de seis ferrados de trigo bueno, linpio y seco quito de polbo y paja medido por la medida derecha de Abila, pago por cada mes de agosto de cada año, y la primera paga se a la de acer para el mes de agosto primero que viene de seiscientos a quinze y ansi en adelante en cada un ano durante esta escritura, puesto en la ciudad a su costa llanamente so pena de excomunión e costas. Y demas*

*dello es condición quel dicho Juan da Yglesia a de tener el dicho molino bien reparado, moliente y corriente de todos los reparos e perfetos neçesarios a su costa y ansi lo a de dexar bien reparado moliente y corriente al fin desta escritura sin que por raçon de perfetos se le pague cosa alguna...*

### **1617-07-17. Santiago de Compostela**

**Juan Parente do Rial, veciño de San Martiño de Laraño, vende a Alberte García, mercador, veciño de Santiago, dous muíños no río da Rocha por cincuenta e cinco ducados.**

ACS, Protocolos notariais, P 154, fols. 21r-22v

*En la ciudad de Santiago a diez y siete dias del mes de julio de mill y seiscientos y diez y siete años por ante escrivano e testigos parescio presente Juan Parente do Rial, vezino de la feligresia de San Martiño de Laraño, e dixo que por si y sus erederos y subcesores que del binieren y subcedieren desde oy dicho dia en adelante para siempre jamas vendia y vendio y dio en venta a Alberte García M(...) vezino de la dicha ciudad que estava presente para el y para Maria Rubio, su muger, y sus herederos y subcesores y quien dellos tubieren titulo y causa para siempre jamas hes a saver que le vendieron y dieron en esta dicha benta los dos molinos do Pego de Bidan sitos en la feligresia de San Martiño de Laraño en el rio da Rocha con su casa y /y huerta/ y propiedad, presas de agua, perfetos y mejoramientos y lo mas a ellos anexo y perteneçiente, los quales le bende por propios diezmo a Dios sin tributo ni pension alguna y segun le pertenece por venta que dellos se le hizo Juan Ares y Juan Blanco y sus mugeres, vezinos de la dicha feligresia de San Martiño de Laraño, y en otra qualquiera manera que le pertenezca y pueda pertenecer, los quales dichos moinos y huertas y propiedad a ellos perteneçientes le bende por preço y quantia de çinuenta y cinco ducados que por ello el dicho Alberte García le dio y pago y el confeso aver recibido antes de aora en dinero de contado...*

### **1770-10-14, Hospital Real**

**Testamento de Juan de Nogueira, veciño da Rocha.**

AHUS, Hospital Real, Testamentos 28, Fol. 310v-312v

É o viúvo de Felipa Antonia Pose, veciño do lugar da Rocha da freguesía de Santa María de Conxo. Doente do hospital real.

Declara ter comprado xunto coa súa muller e con Nicolás Nogueira, seu fillo, e María Antonia Senande, a súa muller, a metade do muíño *que se halla junto a la parte de la Rocha, bajando de Santa Marta y camino derecho a la villa de Noia mediante*; a outra metade, correspondíalle *por derivacion de sus abuelos y padres, lo que despues de ello hemos vendido a Juan Bello*, veciño desta freguesía, que estivo casado cunha moza que era filla de Nicolás, *con la condicion de que me havia de hacer los funerales y yo tengo entendido se quiere levantar con ello sin executarlo.*

### ***Muíños arredores do mosteiro***

**1533-01-10, Santiago de Compostela**

**Nominación de voz fixo Luisa Eanes de España, veciña de Santiago, a favor de Gonzalo Osorio, o seu xenro, do foro que tiña do mosteiro de Conxo do muíño que se di de Conxo.**

AHUS, Protocolos Notariais, S-171, fol. 16r-17r

*Por quanto yo tengo en foro... el molino que se dice de Conjo syto en la ribera de Conjo, con sus agros e debesa de que pago de fuero en cada un año al dicho señor comendador e flayres del dicho monesterio ocho reales de plata e un par de capons e lo tengo por mi vida e ciertas bozes, ... e porque yo soy muger puesta en hedad e por mi persona no puedo reparar ni granjear el dicho molino, agro e dehesa... e porque vos Gonçalo Osorio, mi yerno, vezino de la dicha çibdad, soys persona que terneys el dicho molino, agro e dehesa mejor reparado e perfectado... con licenza do mosteiro, traspasalle o foro polos días da súa vida; deberá pagar a renda anual ao mosteiro e cumprir as condicións do contrato inicial. Traspásalle todos os dereitos a el e a súa muller, Ana Miguez, filla da otorgante; e para mais validación vénndelle todo calquera derecho e indemnización polas melloras por 17 ducados. Asinan os outorgantes da súa man.*

**1533-01-09, mosteiro de Conxo**

**Auto da licenza dada polo comendador e frades do mosteiro de Conxo para a nominación de voz e venda que fixo Luisa Eáns a prol do seu xenro Gonzalo Osorio no foro do muíño dito de Conxo.**

AHUS, Protocolos Notariais, S-171, Fol. 20r-20v

Ela é a viúva do bacharel do Espinal. *Porque la dicha Loysa Oanes les avya enviado fazer relación que ella queria desponer del dicho fuero e venderlo a Gonçalo Osorio, su yerno, e no a otra persona alguna e porquel dicho molino e agro caresçian dalgunos reparos utiles e neçesarios que les pedia le diesen licençia e facultad para lo poder hazer...*

Nos folios seguintes: aceptación do nomeamento por Gonzalo Osorio e o mosteiro e posesión pública dos bens.

#### **1666-1-7, na sala capitular do mosteiro de Conxo**

#### **Foro que fixo o mosteiro de Conxo dunha herdade proxima ao mosteiro a Juan do Prado.**

S-1633, fol. 3r-5v

*por quanto el dicho monasterio tiene y es suio y le pertenece un pedaço de eredad que antes de averse cercado el bosque del andava juntamente con dicho bosque y despues de fabricada la cerca y muralla que se ha echo de nuevo quedo fuera della; el qual llevara tres ferrados de centeno de sembradura segun que esta a la cayda de la muralla del dicho bosque hacia la parte del medio dia y confina con ella por la parte del norte y se demarca con el molino biejo y con prado de este convento que trahe Ines de Torrente, viuda que finco de Pedro Bieites, beçina de esta dicha feligresia y con el rio de Conjo y otros limites y demarcaciones...*

Acordaron dalo en foro a quen o labrase e apareceu por el Juan do Prado, veciño do mosteiro e pediuno. Danllo. Pagará de renda cinco ferrados de centeo, coas seguintes condicións: non podera facer melloras sen permiso expreso do mosteiro, debe pechar a herdade e *la ha de haçer por el valo viejo que antes cerraba el dicho bosque de manera que quede camiño para los agros deste dicho monte que pose en virtud del dicho fuero Ynes de Torrente y que ansimismo abia de dexar camino por entre la cerradura que hiciese y muralla del dicho bosque para que por el se pueda caminar y servir.* Debe tamén dar no prazo dun ano a finca demarcada e recoñecida.

É posible que estes muíños estean, en realidade, nos arredores de Fervenza.

## *No lugar de Fervenza*

1761

Executoria dada polo xuíz ordinario e de apelacións da cidade e arcebispado de Santiago a instancia do comendador e relixiosos de Nosa Señora da Mercede de Conxo no litixio contra Antonio Domingo Martínez e outros consortes sobre unhas casas, muíños e agros sitos na freguesia de Conxo.

AHUS, Clero, Conxo, 445

O proceso iniciouse en 7-9-1761 e refirese aos seguintes bens:

*...Mas la casa en que vive al presente Andres Lorenzo, con su alto y dos ruedas de molino en otra terrena y junto e yncorporado della misma con su porcion de territorio a la parte del Poniente, cerrado con algunos arboles; sembradura medio ferrado de centeno, poco mas o menos. Y la referida casa con sus entradas y salidas se halla sitto junto a dicha Puente de Ferbenza. Y todo ello se demarca con el Lebante del sol con el camino que desde la referida Puente y expresado convento ba al lugar de la Corujera y otras partes; por el Poniente con monte abierto y robledo correspondiente a los lugares de los Lorenzos, Castros y Vieytes del mismo dominio de dicho conbento; y por el Norte, con el rio que vaja de la referida Puente y ba a la de la Rocha. Cuia partida segun ba demarcada antes de aora le poseyeron Bartholome Dominguez, Vicente Munin y otros consortes y al presente lo esta haciendo dicho Andres Lorenzo, como marido de su muger y mas hermanas de esta.*

## *Catastro de Ensenada*

1753

## **Catastro de Ensenada**

17.- Nas sete freguesías hai pombais e muíños fariñeiro de pedra negra para uso e consumo da veciñanza, a excepción da de Conxo que é onde más muíños hai e tamén se aproveitan deles os da cidade de Santiago, que van alí a moer e por isto son distintos posuídores, sitos no *rio de la Rocha que baja por Sar e o de San Lourenzo*. Os de Conxo son os que producen maiores beneficios. Serían (Imaxe ense 420-421-423-424):

- Andrés de Abelendo, uno nombrado *Puente Vieja* dunha pedra negreira, moe todo o ano. 365 reais.

- Antonio de Abelendo, *otro en dicho rio y sitio de Puente Vieja*, moe todo o ano e é dunha roda.
- Juan de Nogueira, un de dúas rodas negreiras chamado de *Rocha de Abajo*; moe oito meses ao ano. 730 reais.
- D. Manuel Torrente e consortes, no devandito rio ten un muíño chamado de Torrente dunha pedra negreira; moe todo o ano. 175 reais.
- Pedro Mariño, un nomeado da Fervenza, con dúas rodas negreiras que moen 8 meses ao ano e unha todo o ano. 730 reais.
- Juan Mariño, no mesmo río outro de dúas rodas. 730 reais.
- Andrés Lorenzo, outro de dúas rodas. 730 reais.
- Antonio Mariño, outro igual.
- Antonio de Nogueira, en devandito rio dunha pedra negreira que moe todo o ano. 365 reais.
- Domingo Nogueira, un igual. 730 reais.
- Domingo de Nogueira de Ponte Pereda, un de dúas rodas, de cubo en Ponte Pereda.
- O convento de Conxo ten un muíño en Ponte Pereda, para consumo da comunidade.

### ***Muíños s. XIX-XX***

**1916**

#### **Anuncio.**

Diario de Galicia. [24-11-1916](#)

Venda dunha renda de 25 cts sobre *el molino de Puente de la Rocha Vieja*.

É unha renda foral.

### ***Ferrocarril e estrada***

**1860**

#### **Ferrocarril compostelano. Antecedentes. 1859-1897.**

AHUS, AM, 1397

*... En la parte que estamos considerando se efectua el desagüe de los terrenos por el río Sar, que pasa*

*al sur de la ciudad, al que se une, un poco mas alla del puente de la Rocha el rio Sarela, que es un arroyo menos caudaloso que trae su emannación de los montes situados al norte de Santiago...*

*Hallar el punto mas a proposito para la estación en Santiago ha sido para mi, asunto de la mayor consideración...*

*...Pasada la estación, sigue aquella el mismo nivel por unos 236 metros; cruza las praderas de Sar ...*

*Cerca de este punto a causa de lo muy tortuoso que es el rio Sar, la via ferrea tendrá que cruzarlo tres veces en una distancia de 350 metros, precisando un viaducto de tres arcos de 10 metros de luz cada uno para la primera; otro de una construcción parecida para la segunda, que conducirá la linea a la fabrica de paños de Laraño, y para la tercera, a consecuencia de la peculiar situación del terreno se necesitará un viaducto de seis arcos de 10 metros de luz cada uno...*

### *Sección primera.*

*A la salida de Santiago habrá dos puentes sobre el rio Sar y antes de llegar al convento de Conxo otro para servicio de un camino vecinal.*

*La primera obra de alguna consideracion será la de los muros de sostenimiento en el terraplen que cruza el valle de Torrente.. para dar paso a las aguas se construiran dos alcantarillas de dos metros de diametro.*

### *Puentes, viaductos y tunnel.*

*La necesidad de curzar el rio Sar tantas veces da lugar a la construcción de varios puentes.*

## **1866**

### *Do itinerario descriptivo militar de España*

#### Ruta nº 1212 De Coruña a Pontevedra por Santiago.

*Itinerario de Santiago a Pontevedra antes do ferrocarril e a nova estrada*

*A 1,5 de Santa Marta de Abajo se cruza por un puente de piedra el río Sarela y la carretera asciende suavemente hasta Seidomilladoiro, para descender del mismo modo á Esclavitud, y seguir el valle del Sarela, cuyo río corre próximo, por la derecha, hasta Padrón.*

*El ferro-carril de Santiago a Carril, que está en construccion, sigue entre la carretera y el río.*

Este río Sarela é, sen dúbida, o Sar pero non queda claro onde está o paso.

### ***Muíños posiblemente situados no río Sar: Porto das Vacas***

**1509, agosto, 12**

O mosteiro de Santa María de Conxo afora a Pedro Ferreiro, vecino de Santiago, un muíño no rio de abajo do mosteiro, no sitio chamado Porto das Vacas, pola súa vida, tres voces e 29 anos mais por unha renda de 93 marabedís.

ARG, Pergamiños, Plan 53. (dificilmente lexible)

**1544-9-9**

**Contrato feito entre Xoán Ferrador, veciño de Santiago, e Bastián López, pedreiro veciño de Laraño, para a construcción do muíño do Porto das Vacas**

AHUS, Prot. Not., S-232, fol. 248v-249r

*que el dicho Bastian Lopez ha de hacer al dicho Juan Ferrador en el su molino del Porto das Vacas, ques syto en la ribera del rio de Conjo en la presa del dicho molino, la dicha presa de (sigue tachado, pared) toda la pared e piedra que fuere menester ....continua detallando as características da obra.*

Pedíuse copia dunha das follas -aquela cos detalles- por canto se le moi ben e podería servir para contextualizar, ilustrar etc.

**1574-8-23**

**Arrendamento que fixo Antonio Pérez da Rocha do muíño do Porto das Vacas en favor de Afonso da Nogueira, veciño de Santa María de Conxo.**

AHUS, Protocolos Notariais, S-408, fol. 184r-185v

Este muíño está en el río de Sar que se dice el molino del puerto das Bacás con su casa, alto, bajo con mas los agros y heredades, tarreos, montes, labradíos e montesios...

Dallo en arrendamento por cinco anos, con renda anual de sete ducados. Pérez debe dar o muíño corrente e moente e a casa del arranxada. O de Nugeuria a de azer levantar junto al dicho molino una corte para ganado de pared o de madera como el quisiere a su costa e mesion, áinda que recibira de Pérez madeira e cravos.

O muiñeiro non poderá cortar polo pe os carballos e castiñeiros pertencentes ao muiño; se precisara madeira para calquera cousa ou para murar, debe tomala de salgueiros e ameneiros.

Nos meses de xuño a setembro, debe dar unha noite de muiñada á semana para uso da casa de Antonio Pérez.

Isto é porque o muíño da Rocha -rego do Vilar- non ten caudal para moer no verán?

#### **1579-4-19, no mosteiro**

**Avinza entre o convento de Conxo y Beatriz Álvarez, e no seu nome e no de seus fillos menores sobre o muíño.**

AHUS Clero 428, fol. 119r- 123r (mosteiro de Conxo)

Habia entre eles preito pendente na Real Audiencia pola sucesión no arrendamento que levara o seu home, Antonio Pérez da Rocha, difunto, entre os fillos da súa primeira muller e a viúva e os fillos dela. O mosteiro chega a un acordo con eles.

Os herdeiros e antes o seu pai, tiñan por foro o *molino que se dice del Puerto das Bacas, con su dehesa y heredades.*

#### **1761**

**Executoria dada polo xuíz ordinario e de apelacións da cidade e arcebispado de santiago a instancia do comendador e relixiosos de Nosa Señora da Merced de Conxo no litixio contra Antonio Domingo Martínez e outros consortes sobre unhas casas, muíños e agros sitos na freguesia de Conxo.**

O proceso iniciouse en 7-9-1761 e refirese aos seguintes bens:

AHUS, Clero 445

*Ytem el molino y territorio de junto a el que se halla a cortiña de yerba de siega y llaman Tras de los Rios con el salido de dicho molino que se halla entre el citado rio y presa de agua con que muele dicho molino; y este y referida braña y cortina, zerrada de sobre si y uno y otro junto llevara de sembradura tres ferrados poco mas o menos. Y se demarca por el Vendaval y Poniente con dicho rio y expresada heredad de Cortina Choya; y por el Norte con el expresado agro y prados de Cornide contenidos en la partida octava; y por el Levante da con una punta en donde empieza y sale de dicho*

*rio la referida presa de agua en que muele el citado molino y puerto que antes de aora llamavan de las Bacas, por donde pasa el camino de carro que ba al lugar de la Corujera; cuio molino y territorio antes de aora poseieron Ysabel Pereira, viuda de Juan Perez ,y otros y al presente lo hacen como sus causantes Gregorii Guldriz y Perez, Rosendo Tarrio, Antonio Martinez, Antonio Mendez, Francisco Freiria, Bernardo Perez de Cortes, Ygnacio Carolo y mas consortes.*

### ***Instalacións industriais***

Datos tomados de Carmona Badía, *A Compostela industrial e do inventario da Asociación Galega de Patrimonio Industrial* (Asociación Buxa).

Nas riveiras deste río documenta dúas instalacións:

- A fábrica de papel de Laraño, que foi construída contra 1792 por Nicolás de Santamarina; transformouse a mediados do XIX en instalación pañeira. Foi aserradoiro antes de pasar á propiedade da Papeleira de Brandía, xa no século XX. Na actualidade conforma as instalacións do hotel Quinta da Auga.

Unha reseña da súa historia, pode verse na web da [Asociación Buxa](#)

- A curtidoría de Dartayet preto de Santomil (1827-1909).
- A chamada tenería da Ponte Vella, sita no lugar do Pego (Vidán) onde antes houbera un muíño. Foi fundada a principios do século XIX por Jacobo Pérez Villamarín; tivo unha vida curta pois no século seguinte foi transformada en casa de recreo. Hoxe é o Centro Sociocultural de Vidán.


Unha reseña da súa historia, no apartado dedicado ao lugar de Vidán e tamén na web da

[Asociación Buxa.](#)

## *A ribeira do Sarela*

Ao contrario do Sar, que parece ter na contorna estudada un aire más agreste, a ribeira do Sarela é un espazo intensamente humanizado nese tramo final próximo á súa desembocadura. Froito desta forte relación coa veciñanza é se cadra, a multiplicidade de nomes que se aplican ás súas ribeiras: río do Espiño, río da Ponte, río dos Sapos -na contorna do que hoxe é o complexo de Santa Isabel-, o río do Arcebispo -denominación xenérica pero que parece aplicarse especialmente entre o río dos Sapos e San Lourenzo-, a ribeira de San Lourenzo, o río ou ribeira dos Chouchiños -no tramo final. A reconstrucción da súa fisonomía histórica e da evolución da ocupación das súas ribeiras sobrepasa cumpridamente o ámbito desta investigación e merecería un estudo en profundidade que debe facerse desde outras bases. En calquera caso, os datos achegados amosan ben ás claras a relevancia desta zona tanto como itinerario de paso como tamén, e sobre todo, como espazo económico, agrario e industrial.

No tramo entre a Ponte do Arcebispo (hoxe do Carme de Abaixo) e a confluencia co Sar a ribeira é unha lea de muíños, xa desde os tempos medievais. O muíño dos Cóengos, o de Santa Clara (chamado da Ponte), o da Carreira, o da Laxe, o de dúas rodas do foro arcebispal dos Chouchiños, o das Fogazas, o dos Tortos, o de Bugallido, o de Vidán -que está debaixo dos Chouchiños-, os de Novás, etc.



A documentación do cabido amosa claramente a fonda destrución que nesta contorna ocasionou a guerra do arcebispo Luna e o Conde de Trastámarra e áinda un século despois había instalacións que non foran reconstruídas o certo é que os datos do XVI amosan unha ocupación intensísima do cauce. Isto reflíctese en certo modo, nas fotografías más antigas que temos desta zona onde apenas pode verse algo máis que construcións e pontellas para chegar a eles. Taboleiros, pontones, canles son infraestruturas de acceso e apoio cuxa construcción podemos seguir ás veces

con bastante detalle; tamén a conformación dos propios muíños -moitos deles con dúas rodas- que están en casas telladas -pode que caleadas- rodeadas cando é posible por unha horta ou agro que complete os ingresos do muíñeiro.

Se nas beiras do Sar a penetración do capital comercial era difícil de probar, no Sarela é doadoo ver como artesáns e mercadores obteñen os contratos dos grandes propietarios para logo subarrendar as infraestruturas. Apenas poden documentarse muíños particulares ou de uso privativo.

As pontes más importantes son a do Arcebispou, situada no Carme de Abaixo, e a Ponte dos Santos, tamén chamada de San Paulo e de San Domingos. Parece que hai arredor dos muíños e do conxunto da ribeira unha rede de sendeiros, necesaria para dar acceso a todas as infraestruturas hidráulicas alí asentadas.

Esta tradición transformadora e ligada á economía urbana proxectouse con forza durante o século XIX - ainda que ven de atrás pois podemos documentar de xeito algo ambiguo a existencia de pelamios na ribeira a principios do século anterior) xa que alí tiveron asento un bo número de emprendementos relacionadas co cortido, que aproveitaron sen dúbida non só a auga senón tamén a presenza de espazos forestais nos que fornecerse de materias primas.



## Noticias documentais

### *Muíños no río Sarela*

1182-07-25

**Donación que fixo Diego, dito Abade de Maior Rúa, ao deán e cabido da igrexa de Santiago da metade do muíño de Azimis, no río Sarela.**

ACS, Tombo C, fol. 81v-82r

*Didacus, dictus abbas de Maior Rua, cum filiis et filiabus meis et uxor .... ipsius molendini qui dicitur de Asimis et est in fluvio de Sarela, loco certo sub ipso vestro molendino qui fuit archidiaconi domini Arie Munionis et inferius est alius molendinus qui fuit Gundisalvi Corneliao, nunc est suarum filiarum, qui noster molendinus fuit Eldare Veremundiz et domini Leazari...*

**1352**

**Reconto dos bens do cabido catedralicio, na Tenza de D. Xoán Ladrón**

ACS, Tombo de Tenzas 2, fol. 79r

*Item ena ribeyra de Sarella dous moynos anbos a par, a huun disen o moyno dos Coengos et ao outro o moyno dos Regoyfos; huun destes tenno arendado Fernan Molleyro por quareenta libras et o outro non esta arrendado.*

**c. 1380**

**Memorial de Bens do mosteiro de Belvís**

CD Belvís, p. 469

*Item a quinta do moyno de Sarella, que he enna ribeyra do Sarella, et mora en el Domingo Mealal*

**1387-07-19**

**Foro de Santa Clara a Gonzalo Ruzo, muíñeiro e á súa muller dun muíño na ribeira do Sarella**

CD Santa Clara nº 561

**1391-11- 17. Santiago**

**Carta de concambeo entre o cabido e Gomes Gonçalves Lobato pola cal este recibe un pardiñeiro na rúa de don Abril Ares e dá catro moravedís anuais que el ten sobre o muíño da Ponte no Rio Sarella e a metade duhna casa na rúa do Vilar mais unha décima parte da outra metade.**

Cabana Outeiro, Tumbo H, nº 6 pag. 162-163

*...el vos o dito Gomes Gonçalves nos dade eno dito concabeo para a dita nosa teença por jur de*

*herdade para senpre quatro moravedis em cada un ano que vos avedes en salvo de aneversario eno moyno da Ponte que he ena ribeyra do Sarela o qual moyno e do moesteiro de Santa Clara desta çidade de Santiago...*

#### **1400-08-17. Santiago**

**O deán e o cabido con consentimento do cóengo e tenceiro da tenza de Fernán Chapín, Johan Fernandes de Siguenza, afóranlle a Fernán Ruço e á súa muller Dominga Pérez o muiño da Carreira que está na ribeira do Sarela.**

Cabana Outeiro, Tombo H, nº 308 (pag. 468-469)

*..aforamos en damos en aforamento... a meadade do moyño da carreyra que he na ribeyra de Sarela...por tempo de duas vidas de vos e da dita vosa moller e de huna voz qual o mays postromeyro de vos nomear... por seis libras de branquas de dez e seis coroados velloz por libras, quattro quartos de viño branquao de Ribadavea ou tinto d'e Ourense e huun par de capoes e douz moravedis de pan branquo...*

#### **1410-10- 02**

**Procuración dada polo convento de Santa Clara a Xoán Páez, procurador de Belvís para que afore a súa parte dun muíño no Sarela.**

CD Santa Clara nº 736

#### **1413-05-24**

**Foro feito polos mosteiros de Santa Clara de Santiago e Santa María de Belvís, da súa parte nun muíño na ribeira do río Sarela, a Xoán Bispo e á súa muller.**

CD Santa Clara, nº 792

#### **1434-3-29**

**Foro do mosteiro de San Paio de Antealtares a Xoán Eáns, muiñeiro, do muíño da Laxe, sito na ribeira do Sarela.**

AHUS, Clero, DIG 12, fol. Fol. 424r-424v

Danllas o moyno da Lagee que he ena ribeyra de Sarela que \agora jas despobrado/ e con suas cortinnas, perteenças e suas dereituras que lle perteesçen ... segundo que o tevo Roy da Ponte, muyneiro, ... fanlle o foro por súas vidas e dúas voces e por renda anual de 50 mrs de moeda vella, branca en tres diñeiros e por foros *huna marraa asadoyra e quatro quartos de vino branquo de Ribadavia ou tinto de Oureens e huun par de capoes çeuados a pagar en día de Nadal.... avedes por vosas custas de levantar o dito moyno e teerlo \levantado/, cuberto et restoyrado de paredes e caanles e rodiseos e moas e triminado e dos outros edificios que perteesçen a moyno e teerlo moente e corrente*

**1438-08- 16**

**Foro do convento de Santa Clara a Xoán Suárez, muiñeiro, e á súa muller Inés Afonso dun muíño nas riveiras do Sarela.**

CD Santa Clara, nº 1084.

**S.d. [1460-1470]**

**Informe dos bens pertencentes á tenza de don Xoán Ladrón do cabido catedralicio.**

ACS, Casas e tenzas 36; 36/4.

*Hestas son has posesiones, casas e casares, moynos, foros, rentas que ha e perteneçe a teença de don Juan Ladron de que he teençeyro Pero de Muros coengo de Santiago...*

*Eno rio Sarela:*

*Yten ha eno rio de Sarela de Abayxo da Ponte de Sant Paulo, un moyno a que dizen dos Coengos o qual agora esta derribado e destruydo; o qual destruyeron agora enas guerras que o arçebispo don Rodrigo de Luna oubou con o conde de Trastamar e con a çibdad de Santiago...*

*Eno rio da Sarela*

*Yten abajo de saber o dito moyno dos Coengos un pardineyro vello que foy moyno ho qual chamaban moyno das Fogaças; e ha muy grandes tiempos que foy derrocado e quisiera o llebantar Gonçalo Freyre, coengo e tençeyro que foy desta tença, e dixeron os moyneyros e mesteyraes que se se llebantase que o moyno de çima que no valdria nada ni este tanpouco.*

A cronoloxía desta nota ven dada por que Pedro de Muros é cóengo na segunda metade do s. XV, porque fala da destrución durante a guerra de D. Rodrigo de Luna como algo recente (*agora*). Con todo, non se mencionan estes bens no Tombo III de Tenzas (c. 1464).

### c. 1464

#### **Moynos que estan eno río de Sarela**

ACS, Tombo de Tenzas 3, fol. 142r-142v

*Iten ha eno moyno que tiña Afonso Merchan, de çenso cada ano oyto mrs, perdeuse por que o derrocaron ena guerra do arçobispo don Rodrigo de Luna e do conde de Trastamar.*

*Iten o moyño que tiña Gonçalo de Carreira, e dava por el noveenta e cinco mrs, o qual foy todo queimado ena guerra que ouve a cidade e o conde de Trastamar con o arçobispo don Rodrigo de Luna, e agora teno Fernan Freire e da por el quoreenta mrs e levantoo.*

*Iten a metade do moyno do Franquo desta teença; esta derribado e non rende nada grandes tenpos ha, o qual tevo arrendado Johan Bispo, moyneiro.//*

*Iten outro moyno aalende deste, arriba do rio, para donde ven a agoa o qual jaz en silvar.*

Segundo o Tunbo feito despoys do antigoo esta tenza ten tamén:

*Iten mays ena ribeira de Sarela o moyno a que dizen dos Tortos, o qual estevo alugado por doze libras.*

*Iten o moyno que chaman de Bogallido, o qual tevo alugado Vasco da Ponte.*

*Iten avia eno moyno da Figueira tres libras de çenso.*

*Iten eno moyno a que chaman de Johan Erez tres libras de çenso.*

*Iten a meatade de hua quinta e medea do moyno da Carreira*

#### **1500-05-04, Santiago.**

#### **Foro do Cabido a Rui Vidal, carpintero, por tres voces do muíño de Nobás sito na ribeira do Sarela**

ACS, Casas e tenzas 36/6

*...que agora esta yermo e despoblado con sus casas, madera e muelas e piedras e agua corriente.*

### **1502, febrero, 28. Santiago**

#### **Foro do Cabido a Antonio de Bamonde, mercador**

ACS, Casas e tenzas. 36/6

*... molino que se llama do Franco que esta en el rio del arçobispo... arriba do moyno de Ruy Mongia ferreyro... et arriba de dicho molino esta otro molino de Afonso Suares escudeyro... por 40 marabedís vellos cada ano.*

### **1559-02-20. Santiago de Compostela**

**Macías Vázquez, notario, veciño da ciudad de Santiago, solicita traslado do arrendamiento feito polos Cregos do Coro a Pedro Ares de Laxe de dous muíños no río do Arcebispo, alegando que a metade dos ditos muíños é súa.**

ACS, Protocolos Notariais, P 025, fol. 298

*...unos dos molinos questa en el rio que se dice del Arçovispo cerca de la ponte de los Santos deziendo ser suyos de la confraría no sien ello ansi, antes siendo la mitad de los dichos molinos mis propios...*

### **1565-06-05. Santiago de Compostela**

**Obrigación de por Xácome de Bar, veciño da feligresía de San Xoán Bautista, de entregar a Vasco de Mera, mercador, trinta carros de boa pedra de pizarra para os muíños que tiña no río do Arcebispo, a razón dun real de plata por carro.**

ACS, Protocolos Notariais, P 035 fol. 44r-44v

### **1570-07-20. Santiago de Compostela**

**Francisco de Oñate Aríndez, boticario do Gran Hospital de Santiago, en nome da súa muller Antonia de Montaos, arrenda a Alonso de Alenza, armeiro e á súa muller Margarida de Alenza, veciños de Santiago, dous muíños no río do Arcebispo, por tres anos e renda anual de doce ducados, dous capóns e dous bolos de trigo.**

ACS, Protocolos Notariais, P 051 fols. 110r-113r

### **1590-09-08. Santiago de Compostela**

**Arrendamento de Antonio Ballesteros, veciño da cidade de Santiago a Magdalena de Renverde, veciña de Santa María de Conxo, duns muíños no río do Arcebisco, por dous anos e renda anual de nove rapadas de centeo e un par de capóns.**

ACS, Protocolos Notariais, P 106 fols. 151r-152v

*...arrendo los mis molinos que tengo y estan sitos en avaxo de la puente que se dice de Santos en el rio del Arçobispo que entranbos dos estan en una casa y con dos ruedas con sus rodiçios, hierros e canales, los quales dichos molinos bos arriendo por tiempo y espacio de dos años...*

### ***Na Ribeira de San Lourenzo***

### **1559-02-10. Santiago de Compostela**

**Poder do crego San Juan, da confraría dos cregos do Coro de Santiago, polo que traspasa a cofradía, dous muíños no río do Arcebisco, debaixo de San Lourenzo.**

ACS, Protocolos Notarias, P 025 fol. 56

*...parecio presente San Juan clérigo, vecino de la ciudad de Santiago confrade de la confradía de Nuestra Señora que se dice de los clérigos del coro, y como tençaro que se dixo ser de la tenencia de Santa Marta por al dicha confradía, clérigos y confrades della dixo que por quanto a la dicha tenencia de Santa Marta pertenesçian y heran suyos dos molinos con lo a ellos pertenesçiente sitos en el rio del Arçobispo abaxo de San Lorenço, el uno de los quales tiene Macias Vazquez y el otro el dicho San Juan que la dicha confradaria avia echo e redeficdo a costa y espenças por ende el dicho San Juan, clérigo, dixo que por causas que a ello le movian...çedia y çedio, relaxaba y relaxo en la dicha confradía y confrades della los dichos dos molinos y territorio con todo lo que en ellos esta y es anejo y pertenesçiente quedando en el todo lo mas pertenesçiente a la dicha teneçia de Santa Marta...*

### **1559-02-24. Santiago de Compostela**

**Carta de pago da confraría dos cregos do coro a Juan Díaz, por construir e fortificar dous muíños no río do Arcebisco, debaixo de San Lourenzo por catorce ducados de ouro.**

ACS, Protocolos Notarias, P 025, fol. 53

*... dixeron que por quanto ellos y los mas cofrades de la dicha confradia juntamente con Macias Vazquez, notario, y en su nonbre abian contratado y hecho cierto contrato con Juan Diaz, questava presente, para azer y edeficar dos molinos que ellos agora alli tienen en el rio del Arçobispo abaxo de San Lorenço cerca de la ponte do Santo segun se contiene en el contrato que pasaria por ante dichos Macias Vazquez a que se referian y despues de hechos y edeficados los dichos molinos abian acordado y les paresçiera y hera conbeniente y nesçesario para que los dichos molinos fuesen mas seguros y para la fortificacion dello se hiziesen en ellos algunos reparos y obras y quel dicho Juan Diaz les hiziese y pusiese en prefeccion que lles le pagarian todo aquello que determinasen y mandose a Juan Perez, maestro de obra, y a Afonso Ares, cantero, que presentes estavan los quales dixeron que abian ido a ber los perfetos y obras quel dicho Juan Diaz abia hecho de mas de lo contenido en el dicho contrato para mayor fortificación, provecho y seguridad de los dichos molinos y vistos fallavan que el dicho Juan Diaz abia hecho dos grades dentro de dichos molinos y bazio un palmo de la puerta abaxo y hizo un zaguán que tiene doze pies de ancho con su muro toda la delantera de los dichos molinos con la bolta de la [...] asta la canal e hizo sobre las canales y ponte de piedra dos muros alderredor de las dichas canales e hizo un sangradero con sus piedras de grano e con su calçada par el soyo de la agua de piedra menuda y puso una viga para tornar la agua que atrabesa el rio y mas una calçada questa junto al molino para guardar las aguas y ansimismo hizo una corriente de las aguas questan e la parte de abaxo, los quales dichos edefições y reparos arriba dichos y declarados los dichos maestros de la obra y Alonso Ares vieron uno por uno y mirado por ellos y moderado y que las unas partes y las otras heran contentas y les plazia...*

Mándase pagar o traballo.

#### **1562-04-30. Santiago de Compostela**

**Lope Martínez Tenreiro, crego, veciño de Santiago, en nome do Cabido de Santiago arrenda a Juan Díaz e Juan de Mazcarelle, zapateiros, veciños da cidade de Santiago douz muíños no río do Arcebisco debaixo do mosteiro de San Lourenzo por tres anos e renda anual de nove ducados.**

ACS, Protocolos Notariais, P 027 fol. 56

*... dos molinos que estan sitos en el rio de Arçobispo abajo del monasterio de San Lorenço que son dos ruedas en una casa [...] dichos molinos hos arrendo con su alto e bajo...*

### **1567-02-06 . Santiago de Compostela**

**Macías Vázquez, notario, veciño da cidade de Santiago, vende ao licenciado Lope de Alvite, vecino de Santiago e á súa muller Maior Mosquera, o casal de Santa Marta e a metade dos dous muíños que ten na ribeira de San Lourenzo por douscentos sesenta e oito ducados.**

ACS, Protocolos Notariais, P 037 fols. 811r-813r

... os bendo e doi en la dicha benta el mi lugar e casal que se dice de Santa Marta que hes junto a la malataria de Señora Santa Marta... el qual renta e me paga cada año nobenta y cinco rapadas de centeno por la medida de Abila e un par de galiñas e un cabrito, todo con todas sus casas, casares, heredades, arboles y plantados, montes y prados, pastos, chousas e regos, entradas y salidas con sus montes resios con mas la mitad de los dos molinos que estan en la ribera del rio de San Lorenço que thenemos de por medio yo y los Clerigos del Coro...

### **1568-06-20. Santiago de Compostela**

**Obrigación feita por Pedro de Sanmartiño, veciño de Santa Susana, garantindo a Fernando Freire, veciño da feligresía de San Martiño de Laraño, e a Xoán de Vidán o Vello, veciño de Santa Susana, seus fiadores, o pago da renda e poñendo como garantía o muíño que ten arrendado ao Cabido de Santiago na ribeira de San Lourenzo.**

ACS, Protocolos Notariais, P 043 fol. 724r-725r

### **1568-07-11. Santiago de Compostela**

**Lope de Alvite, abogado, veciño da cidade de Santiago, arrenda a Fernando Santa Marta e a Xácome de Agrasán, veciños da parroquia de Santa Susana, o muíño que posúe na ribeira de San Lourenzo, durante nove anos e renda anual de dúas cargas de pan centeo.**

ACS, Protocolos Notariais, P 043 fol. 98r-98v

